

As primeiras normas da Academia e a perda da súa *auctoritas* na codificación do galego

Early attempts by the Real Academia Galega (Royal Galician Academy) to codify a standard Galician language and the usurpation of its influence and authority

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO
Universidade da Coruña

RESUMO. Após unha introdución sobre o concepto de norma lingüística e o seu valor e significado no caso concreto da lingua galega, neste artigo céntrase a atención nas normas ortográficas e morfolóxicas que a Real Academia Galega aprobou en 1970 e 1971, respectivamente, para relatar o proceso seguido internamente pola institución para as elaborar, aprobar e difundir con base en documentación até o momento inédita, alén doutra xa publicada; tamén se analiza o seu contido e o modelo de codificación que subxace nelas. Por último, contrástase esta proposta normativa coa do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago, que cuestiona en 1971 a autoridade da Academia na materia e reorienta o proceso normativizador de acordo co seu criterio.

Palabras chave: Norma lingüística - Codificación - Lingua galega - Academia Galega - Instituto da Lingua Galega

ABSTRACT. This article begins with an introduction to the concept of language rules and their importance in relation to the standardization of Galician, before focusing on the spelling and morphology rules introduced by the Real Academia Galega (RAG) in the years 1970 and 1971, respectively. Using a range of contemporary sources, many of them still unpublished, the paper explores the internal processes by which a codified set of rules for the Galician language was created, agreed upon and disseminated by the RAG, together with the standardizing principles

Data de recepción: 21-07-2017 ▪ Data de aceptación: 02-02-2018.

used by its creators and the content of the rules themselves. The paper concludes with an analysis of the alternative standard proposed by the Instituto da Lingua Galega (ILG, Institute for the Galician Language of the University of Santiago de Compostela) in 1971, the challenge it posed to the RAG's authority, and the Institute's eventual success in redirecting the standardization process of Galician according to its own criteria.

Keywords: Language rules – Standardization – Galician – Real Academia Galega (Royal Galician Academy) – Instituto da Lingua Galega (Institute for the Galician Language)

1. INTRODUCCIÓN. IMPORTANCIA DA NORMA PARA A REVITALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Un modelo de lingua culta consolidado a través dunha norma socialmente estendida e aceptada torna ferramenta necesaria para un idioma minorizado adquirir o prestixio que permita mellorar o seu status, pois os membros dunha comunidade lingüística nunha sociedade desenvolvida e moderna dificilmente apostarán seriamente pola normalización dunha lingua que non lles ofrezca certa seguranza e estabilidade a través dunha norma unificada na escrita. O galego botou séculos sen esa norma, mais tamén sen prestixio social. Para conseguir a súa normalización precisa de ambos, e así o entenderon as persoas que na época contemporánea se preocuparon polo seu status e polo seu futuro. É o caso dos galeguistas que entre finais do período oitocentista e os primordios do século XX idearon e fundaron a Academia Galega, do movemento nacionalista das Irmandades da Fala e do período prebélico, mais tamén daquelas persoas que na posguerra franquista iniciaron o difícil camiño de recuperación do uso escrito da lingua galega e sobre todo das que na década de 60 e inicios da seguinte tentaron a unificación normativa do idioma; pasouse entón da práctica ausencia de normas para a escrita do galego ás «mil e unha normas» en expresión utilizada por Kabatek (1994: 163) para se referir ao período de 1966 a 1982; nas páxinas que veñen a seguir a atención porase só nas normas da RAG de 1970 e 1971. Con todo, antes de nos centrarmos nelas, cómpre facermos algunhas consideracións a respecto do valor e significado da norma lingüística.

1.1 Concepto, tipos e valor simbólico da norma lingüística

Nunha acepción xenérica o termo 'norma' remite á idea dunha regra, dun modelo ou dun padrón de comportamento presente na vida social (Álvarez 2002: 201). Bartsch (1987: 168-169) distingue entre norma (*norm*) e regra (*rule*),

aínda recoñecendo que ambas as nocións están estreitamente relacionadas e que no uso lingüístico con frecuencia se usan indistintamente; mais non todas as regras son normas nin todas as normas son regras sociais: as normas son para el regras sociais que teñen forza normativa, que son aceptadas por toda a comunidade e que están interiorizadas cando menos por unha parte relevante dela. Do substantivo ‘norma’ derivan dous adxectivos, ‘normal’ e ‘normativo’, que polarizan dous conceptos distintos: por ‘normal’ enténdese o que é habitual ou tradicional dentro dunha comunidade, en canto ‘normativo’ remite a un sistema ideal de valores que é imposto dentro dunha comunidade (Lucchesi 2002: 64); isto é, a norma pode ser vista como modelo real de comportamento no sentido de ser regular ou modelarmente realizado polos membros dunha comunidade, e, por outro lado, está a idea de norma como padrón prescrito daquilo que se debe facer nunha determinada colectividade. Desde o ámbito da socioloxía estes dous sentidos da noción de norma consideráronse entrelazados, pois se a sociedade presenta regularidades, estas constitúense necesariamente na acción entre individuos, grupos e clases que participan da vida social, e esa acción é indisociabelmente «reguladora e prescritiva» (Álvarez 2002: 202). Con todo, non falta quen se estrañe de que nun mesmo campo de pesquisa se utilice un mesmo termo para «preceito establecido» e para «uso corrente» (Bagno 2003: 40). Con relación ao caso que se vai tratar nestas páxinas, non hai moita dúbida de que a «estandarización do galego nas décadas dos cincuenta, sesenta e setenta do século pasado ofrece un bo campo de estudo para as relacións entre o normal e o normativo» (Alonso Pintos 2006: 100).

No campo concreto da norma lingüística, Castilho (2002: 29) distingue un concepto amplo de norma como factor de cohesión social e un concepto estreito que corresponde aos usos e aspiracións da clase social de prestixio. No primeiro caso sería a propia comunidade lingüística a que tendese a corrixir os desvíos da norma para unha mellor integración na sociedade; isto é, a presión social tendería a unificar os trazos culturais para que non se perda a identidade do grupo; a lingua, como trazo cultural destacado, sería ao mesmo tempo factor de cohesión social e albo das presións da sociedade para preservar a súa identidade. No segundo caso, enténdese por norma en sentido estrito o conxunto dos usos e actitudes dunha clase social de prestixio, sobre a cal se erguen as regras do bo uso da lingua.

Ao falarmos de norma lingüística, faise precisa unha referencia, aínda que breve, á división coseriana entre sistema, norma e fala, como consecuencia da tentativa por definir a antonimia de Saussure entre lingua e fala, de acordo con Lucchesi (2002: 69-73); para dar conta de certas variantes que, sen teren valor funcional, son relativamente constantes e frecuentes dentro da comunidade de fala, e que denomina

‘variantes normais’, propón o lingüista de orixe moldava un nivel de abstracción intermediario entre a fala e o sistema que sería ocupado polo que el chama sistema normal ou simplemente ‘norma’; a constancia das variantes normais estaría asociada a factores como grupo social, rexión, idade, sexo etc. A motivación máis profunda da formulación de Coseriu sería retirar da lingua ou sistema calquera determinación social, de modo que o sistema lingüístico puidese ser estudado apenas polas súas relacións internas; isto é, estudar só o sistema, que se situaría por riba de todas as normas sociais da lingua, o que nos conduce á concepción estruturalista desta como un sistema homoxéneo e invariábel. Porén, a variación normal tamén atinxe o plano do sistema da lingua porque fai parte del e, dese modo, a lingua pasa a ser concibida como un sistema heteroxéneo e variábel. O que a sociolingüística ten demostrado nas décadas finais do século XX é que os aspectos funcional e social da linguaxe están suxeitos a interpretación e que non se pode entender un sen o outro. Do punto de vista da división tripartida proposta por Coseriu, a sociolingüística realiza unha fusión entre os conceptos de sistema normal e sistema funcional, isto é, entre norma e sistema, porque a variación normal é estudada como parte integrante do funcionamento do sistema lingüístico; así, a distinción entre norma e sistema perde a súa razón de ser (Lucchesi 2002: 74). Para Bartsch (1987: 153), por súa vez, a norma é unha realización do sistema «among several possible ones which are permitted by the properties of the system», de modo que tal selección —a norma— «is a historically developed restriction on the possibilities which the system of a language permits»; e chega á conclusión de que a noción de sistema —ou estrutura— «appears to be obsolete» (Bartsch 1987: 157). Joseph (1987: 28), no entanto, pon o acento en que Coseriu divide a norma en dous subniveis: a norma ‘social’ e a norma ‘individual’, a primeira máis próxima xerarquicamente á *langue* saussureana e a segunda á *parole*.

A norma lingüística é por si propia diversa e heteroxénea, pois os grupos sociais distínguense polas formas de lingua que lles son de uso común, o que quere dicir que cada grupo ten a súa propia norma lingüística; existe, por exemplo, a norma característica de comunidades rurais tradicionais, a de grupos xuvenís urbanos, a de poboacións das periferias urbanas, a norma informal da clase media urbana etc. (Faraco 2002: 38). Cada unha destas normas tórnase en factor de identificación do grupo, de modo que o senso de pertenza a este inclúe o uso da forma de falar característica das súas prácticas e expectativas lingüísticas. Mais, alén disto, a norma lingüística tamén é un agregado de valores socioculturais asociados a esas formas lingüísticas que lle son propias. Con todo, o contacto entre as diferentes normas dos distintos grupos no intercambio social é inevitábel, o que provoca múltiples interinfluencias e converte as normas en hibridizadas, alén de tamén poder conducir eventualmente a

mudanzas lingüísticas. Fronte á heteroxeneidade real do comportamento lingüístico dos individuos e grupos, contraponse a homoxeneidade artificial do padrón normativo ideal, que con frecuencia se tenta superpor á diversidade real por motivacións ideolóxicas (Lucchesi 2002: 63-64). Neste sentido, xa Joseph (1987: 25) ten sinalado que a linguaxe humana está baseada nun paradoxo, pois dúas das súas características fundamentais, a estabilidade e a mudanza, son contraditorias entre si: a linguaxe «is inherently stable», mais ao mesmo tempo a realidade en que vivimos está en mudanza continua, de xeito que tamén «language is in a constant state of change». Ao mudar a lingua, muda tamén a norma, aínda que propiamente se debe falar de ‘normas’, como propón Bartsch (1987: 155), quen prefere referirse en moitos casos a conflito entre diferentes normas antes que a desvío da norma; e, fronte á noción dunha norma diferente para cada dialecto, sociolecto ou rexistro, como propugna o Círculo Lingüístico de Praga¹, propón a de conxunto de normas (*set of norms*).

Entre os diversos grupos sociais está aquela parte da poboación que máis directa e intensamente se relaciona coa cultura escrita, a cal ten tamén a súa propia norma. Para designar os feitos lingüísticos que este grupo máis directamente afeito ás actividades de escrita usa habitualmente en situacións formais de fala e na escrita costúmase usar a expresión ‘norma culta’, que tamén está en contacto coas demais normas sociais, coas consecuentes influencias mutuas. Ao mesmo tempo, a cultura escrita, asociada ao poder social, desencadeou tamén ao longo da historia un proceso fortemente unificador coa vista posta nunha relativa estabilización lingüística que igualmente procuraba neutralizar a variación e controlar a mudanza. A esa norma estabilizada como resultado de tal proceso costúmase dar o nome de ‘norma padrón’ ou ‘lingua padrón’ (Faraco 2002: 39-40).

Podemos facer, pois, unha primeira distinción entre norma culta e norma padrón. Esta reuniría as formas contidas e prescritas polas gramáticas normativas, en canto a norma culta contería as formas efectivamente inferidas da fala dos segmentos plenamente escolarizados, isto é, dos e das falantes «com curso superior completo» (Lucchesi 2002: 65). Con todo, na práctica habitualmente téndese a utilizar as expresións norma culta e norma padrón como sinónimas; pregúntase Lucchesi, no entanto, a se referir ao portugués brasileiro, por que falantes que estiveron expostos por máis de 15 anos a un determinado padrón normativo non reflecten ese padrón no

¹ Sobre aspectos teóricos da lingua estándar no Círculo de Praga e nos seus continuadores, é de interese Monteagudo (1994), quen xulga que as súas análises «poden ser especialmente iluminadoras para as discusións sobre a estandarización do galego» (Monteagudo 1994: 155); infelizmente, apenas hai espazo nestas páxinas para lle podermos prestar a atención debida, como acontece con outros moitos contributos teóricos sobre o tema da norma.

seu comportamento lingüístico habitual. Esta cuestión, especialmente interesante para o caso do galego, remite á complexa relación entre actitude normativa e comportamento normal, ou sexa, entre o sistema ou os sistemas de valores que presiden os xulgamentos dos actos lingüísticos dentro dunha comunidade de fala e os padróns de comportamento lingüístico observábeis dentro desa comunidade. Este mesmo autor, a falar dunha realidade lingüística brasileira non só heteroxénea como tamén polarizada, distingue dentro do diasistema heteroxéneo do portugués do Brasil dous sistemas igualmente heteroxéneos e variábeis: a norma culta e a norma vernácula ou popular (Lucchesi 2002: 64), distinción tamén pertinente para o caso do galego e que está moi presente no proceso que se pretende relatar nestas páxinas, pois ambas fan parte das propostas de codificación. Nesta liña, Alonso Pintos (2006: 100) distingue entre norma inherente (ou norma da lingua oral, norma da lingua popular, norma implícita, entre outras denominacións) e norma prescritiva como os dous tipos básicos de manifestacións normativas, a primeira a gobernar «os usos espontáneos da lingua oral» e a segunda a que «predican as gramáticas prescritivas clásicas, aquelas que se pronuncian en termos de ‘correcto/incorrecto’»².

Dentro dunha visión restritiva de norma como os usos e actitudes dunha clase social de prestixio, Castilho (2002: 30) distingue entre norma obxectiva, subxectiva e prescritiva. A norma obxectiva, observábel, é a norma explícita ou padrón real, a linguaxe efectivamente practicada pola clase social de prestixio, identificábel coa clase culta, escolarizada. A norma subxectiva, imposta, é unha norma implícita ou padrón ideal que responde á actitude que o falante asume perante a norma obxectiva; tal actitude corresponde ao que a comunidade lingüística espera que as persoas fagan ou digan en determinadas situacións. A norma prescritiva sería unha combinación da norma obxectiva e a norma subxectiva, de modo que merecerían ser ensinados aqueles usos lingüísticos dunha clase prestixiosa considerados máis acaídos a cada situación e mellor identificados co ideal de perfección lingüística; a autoridade da norma prescritiva proviría das propias regras sociais e a súa imposición sería aceptada en nome do seu carácter unificador. Mais na realidade esta distinción entre normas non é tan nítida, de maneira que para Lucchesi (2002: 64) norma obxectiva e norma subxectiva constitúen as dúas faces da norma, en canto para Monteagudo (2011: 41) hai unha norma obxectiva (ou norma usual), aquela que é inherente a cada variedade lingüística, e unha norma prescritiva entendida como conxunto de

² Para o período que se vai estudar véxanse, neste mesmo sentido, o paradigma da «norma escrita (gramático-literaria)» seguido pola Academia Galega e o da «norma oral (popular-dialectal)» propugnado polo Departamento de Filoloxía Románica da universidade compostelá, o primeiro equivalente da norma culta e o segundo da vernácula, en Alonso Pintos (2002: 107-123).

reglas imperativas, instrucións e recomendacións contidas nas gramáticas, dicionarios e libros didácticos; é a norma prescritiva a que define a variedade padrón e tamén aquela a que aspiraban os axentes codificadores do galego no período que se pretende estudar.

Aínda distingue Rodrigues (2002: 13-14) entre padróns ideais, que definen o que se espera que as persoas fagan ou digan en determinadas situacións, e padróns reais, que derivan de observacións sobre a maneira como as persoas realmente se comportan en situacións concretas; o padrón ideal vén sendo con frecuencia unha regra de comportamento para a cal tenden os membros da sociedade, mais que nin sempre cumpren ou non o fan na súa totalidade; este padrón ideal é o que en xeral se entende por 'lingua padrón'. En certas sociedades a lingua padrón coincide con determinado dialecto xeográfico, mais alí onde hai estratificación social nítida o padrón ideal tende a ser o dialecto da clase de maior prestixio social. Alén disto, o padrón da modalidade escrita non coincide sempre co da modalidade falada, mais costumaban aproximarse bastante, sobre todo nos niveis máis elevados de formalismo; e comunmente o consenso sobre o padrón escrito é moito máis forte que sobre o padrón falado (Rodrigues 2002: 14). Neste sentido, tamén fala Castilho (2002: 31) dunha norma escrita, máis conservadora, diferente da norma oral, máis innovadora.

Como afirma James Milroy (2011: 19), existe unha 'ideoloxía da lingua padrón' que leva os/as falantes de certas linguas, nomeadamente das máis usadas, a acreditaren en que estas existen en formas padronizadas; viven, por tanto, en 'culturas de lingua padrón'. Mais a padronización da lingua non é un universal e hai moitas linguas, como aconteceu co galego durante séculos, que non posúen variante padrón. O proceso de padronización opera promovendo a invariancia ou a uniformidade na estrutura da lingua, mais esa uniformidade ten de ser imposta, a se tornar así unha importante característica definidora da lingua padronizada. En xeral a variedade padrón ten sido equiparada á variedade de maior prestixio, en vez de á variedade caracterizada polo máis alto grao de uniformidade; esa identificación entre padrón e prestixio dáse na sociolingüística cuantitativa e é normalmente asumida nas descrições históricas do inglés e doutras linguas. Porén, como igualmente sostén Milroy (2011: 53), as variedades da lingua realmente non teñen prestixio en si mesmas; adquiren prestixio cando as persoas que as falan teñen prestixio elevado. O prestixio atribuído por metonimia ás variedades lingüísticas é indexador e está envolvido na vida social dos e das falantes, mais non é unha propiedade da lingua xa que é unha categoría socialmente avaliativa; no entanto, a uniformidade é unha propiedade do sistema lingüístico, non das persoas. Como a variante padronizada debe ser invariante, no uso práctico non pode haber unha variedade totalmente padronizada, pois

a uniformidade total de uso nunca é atinxida na práctica. Aínda subliña Milroy que a padronización afecta diversas áreas da vida, alén da lingua; os bens manufacturados xeralmente son padronizados para que todos os exemplares de calquera clase sexan idénticos e neses casos a uniformidade é desexábel por razóns sociais, mais sobre todo económicas. Por as linguas tamén teren valores económicos, as que posúen variedades padrón están mellor posicionadas no ‘mercado lingüístico’, alén de posuíren máis prestixio. Así pois, a tendencia cara á uniformidade ten obxectivos sociais, políticos e económicos; e a padronización, por tanto, é considerada como sociopolítica e «externa à análise lingüística», aínda que poida afectar a forma da lingua (Milroy 2011: 57).

Por outro lado, fronte á naturalidade aparente das normas sociais, hai análises que as toman como resultados de complexas relacións de poder historicamente constituídas. Na realidade, as normas sociais son perpetuamente contestadas e reformuladas, e arredor delas desenvólvese en grande medida a loita pola propia definición do mundo social; como afirma Álvarez (2002: 212), a se apoiar en Pierre Bourdieu, o mundo social pode ser dito e construído de diferentes maneiras, pois sempre existen posibilidades alternativas de estruturación; deste modo, os individuos, grupos e clases envólvense nas loitas simbólicas polo poder de producir e impor a visión do mundo ‘lexítima’, isto é, o conxunto de normas sociais que van prescribir o horizonte posíbel da vida en sociedade. Nesa loita arredor da definición simbólica do mundo social non todas as persoas teñen os mesmos recursos para imporen a súa visión específica do mundo e o Estado ten nas loitas simbólicas moito poder, pois detén o monopolio da violencia simbólica lexítima, isto é, o poder de outorgar a persoas e grupos cualificacións socialmente recoñecidas. Porén, ninguén consegue ter un monopolio absoluto da autoridade e de aí a existencia dun perpetuo conflito entre os diversos poderes simbólicos que buscan impor determinadas normas sociais particulares como se fosen normas universais válidas para todo o mundo. O poder simbólico, capaz de instaurar ou modificar as normas sociais, para ser eficaz debe estar baseado na posesión dun capital simbólico e debe fundamentarse ben na realidade do mundo social e dos grupos que o compoñen. O grupo ou entidade social que tiver ese capital simbólico poderá impor unha determinada norma lingüística, que por iso mesmo adquire tamén valor simbólico. No caso do galego, ese precario capital simbólico tívoo case en exclusiva a Academia Galega, e o grupo Galaxia que a controlou nas décadas de 50 e 60, até que no ano 1971 lle foi disputado e na práctica arrebatado por un instituto universitario con máis crédito na materia³.

³ O capital simbólico, de acordo con Bourdieu (en Álvarez 2002: 214), é un crédito, é o poder

1.2 Orixe, consecuencias e necesidade da norma. O caso do galego

A norma lingüística pode posuír orixes diversas, como indica Sánchez Rei (2009: 111-117): (i) unha variedade social de prestixio, aquela que falan as clases altas e ilustradas (caso do Brasil); (ii) unha variedade xeográfica que por diversos motivos (culturais, económicos, políticos etc.) emerxe e se impón como padrón de base monodialectal (caso do toscano en que escribiron Dante, Petrarca e Boccaccio, do portugués lisboeta, do francés parisino ou do inglés londrino polo peso político, poboacional e económico das respectivas capitais dos estados); (iii) un padrón de base polidialectal que participa da maioría das falas sen corresponder univocamente a ningunha e que é produto dunha acción deliberada por parte de organismos gubernamentais, gramáticos, académicos etc. ou por combinación de todos estes factores, ou sexa, que é produto da planificación lingüística e, máis en concreto, da planificación do corpus (caso de Euscadi, Finlandia, India, Indonesia etc.); (iv) un codificador de prestixio xeralmente recoñecido (caso do catalán con Pompeu Fabra); etc. Aínda existe a posibilidade de unha lingua chegar a ter dous estándares lingüísticos, cal é o caso do noruegués coas variedades ‘bokmål’, adaptación do dinamarqués escrito, e ‘nynorsk’, con base nos dialectos noruegueses locais. A orixe da variedade padrón actual do galego é polidialectal, como o foi tamén a das primeiras normas da Academia que aquí se someten a estudo, onde interveñen académicos e gramáticos que tiñan especialmente en conta a lingua literaria e tamén a aproximación ao portugués como horizonte.

Na elaboración de propostas normativas para a estandarización dunha lingua adoitan combinarse igualmente diversos parámetros: o grao de innovación ou conservación dunha variante concreta, a extensión xeográfica dos fenómenos lingüísticos, a súa repercusión demográfica, o uso literario etc., todos eles tidos en conta na codificación do galego e nomeadamente este último no caso que se somete a estudo; e unha vez establecida unha variedade estandarizada aparecen determinadas consecuencias na comunidade lingüística. En primeiro lugar, a existencia dunha modalidade asumida como referencia serve de freo á variación diacrónica e á variación xeográfica, de modo que a lingua xa non pode evolucionar tan libremente, podendo mesmo reducir completamente a variación na variedade que estiver suxeita ao proceso de estandarización (Penny 2004: 291-292). Tamén como consecuencia deste aparece a noción de ‘norma’: do que é válido e do que debe ser evitado, do que leva a marca de

atribuído a aqueles que obtiveran recoñecemento suficiente para estaren en condicións de imporen o recoñecemento. Neste sentido, a perda da *auctoritas* da Academia de que se vai falar no punto 4 deste traballo vén sendo, pois, equivalente da perda do seu capital simbólico.

dialectal ou popular e do que é caracterizado como padrón. Máis outra consecuencia é o perigo de identificación da lingua coa variedade estándar, fenómeno que Joseph (1987: 6) denomina ‘sinécdoque’ por se tomar a parte —o estándar— por toda a lingua, ou o do seu carácter de artificiosidade, que tanto opera no caso do galego; téñase en conta a este respecto que as variedades estándar corresponden polo xeral a formas excepcionais. Tamén o estándar desenvolve unha responsabilidade identificadora, no sentido de contribuír para as persoas utentes percibiren como común o que partillan coa propia comunidade lingüística e para notaren como diferente o que é propio doutras comunidades. Igualmente, o estándar contribúe para o prestixio da lingua ao facilitar unha visión ‘máis elevada’ dela na apreciación popular; mais por iso tamén pode traer certa dose de reprobación nalgúns sectores sociais que non conciben que se erixa en norma padrón o que anteriormente carecía dese prestixio. En relación co prestixio está tamén o feito de a existencia do padrón lingüístico ser tradicional e convencionalmente admitida como un dos requisitos delimitadores da distinción entre lingua e dialecto: a estandarización trae como consecuencia a produción de literatura lingüística especializada (prontuarios ortográficos, gramáticas, dicionarios, manuais de aprendizaxe etc.) de que adoitan dispor as linguas, en canto as variedades dialectais habitualmente carecen dela; porén, hai linguas que nunca sentiron necesidade de teren unha norma padrón sen por iso perderen esa condición, como acontece con moitísimos idiomas amerindios, africanos e asiáticos; e, polo contrario, hai variedades de linguas que contan hoxe con propostas senlleiras de estandarización, como o galego de Asturias (Sánchez Rei 2009: 105).

Ao mesmo tempo, a existencia dunha norma padrón nunha determinada comunidade lingüística fai que o seu coñecemento e dominio sexan percibidos como necesarios en termos de mobilidade social ascendente, de modo que se torna habitual que canto máis elevada sexa a clase social dunha persoa, menos uso faga do acento e das variantes gramaticais da súa primitiva fala local. Aínda habería que acrecentar, como máis unha consecuencia da estandarización, a introdución das denominacións de ‘dialectal’, ‘popular’, ‘coloquial’ ou ‘vulgar’ para determinadas formas lingüísticas que só poderán ser así consideradas con plena xustificación após a fixación dunha norma padronizada; pénsese, por exemplo, no galego decimonónico (cf. Fernández Salgado & Monteagudo 1995: 127-133; tamén Monteagudo 2005). Por último, como máis un efecto da estandarización tamén existe o perigo de identificar esta con ‘unificación’; unificar fai referencia a suprimir as diferenzas existentes, en canto estandarización implica o coñecemento dos fenómenos diverxentes e a selección dos que entre eles se xulgan máis acaídos para faceren parte da norma padrón; a necesidade que se sentiu na centuria precedente de estandarizar o galego levou a

que o termo ‘unificación’ adoitase aparecer nas diferentes tentativas que ao respecto se fixeron: *Ortografía gallega. Bases para su unificación* de Couceiro Freijomil en 1929, *Algunhas normas para a unificación do idioma galego* do Seminario de Estudos Galegos en 1933, *Engádega ás normas para a unificación do idioma galego* desta mesma autoría en 1936 ou *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* promovidas polo Instituto da Lingua Galega en 1977; mesmo o escritor Ánxel Fole expresaba en *Terra Brava* o seu desexo de a literatura chegar a unificar a fala (Sánchez Rei 2009: 110), pensamento que non estaba lonxe do dos académicos que elaboraron as normas sometidas a esta análise, como se verá.

Tamén cando nos derradeiros anos do período oitocentista algúns esclarecidos galeguistas idearon a creación dunha academia galega, tiñan en mente a necesidade de unificar o idioma para acabar coa anarquía ortográfica, morfosintáctica e léxica que imperaba nas súas manifestacións escritas da altura. E, con efecto, cando en 1906 se crea a Academia Galega, entre os obxectivos principais que recollen os seus textos fundacionais está a elaboración dunha gramática e dun dicionario da lingua galega, como xa anunciara a asociación que a promovera desde a capital cubana (López Varela 2001: 121). No número 2 do *Boletín de la Academia Gallega*, de 20 de xuño de 1906, publícase na primeira páxina o «Reglamento de la Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega», en cuxo artigo 2, punto 1º, se deixa constancia da constitución dunha «Academia Gallega ajena a toda idea política y religiosa sin más carácter que el de dar unidad al idioma gallego por medio de la publicación de una Gramática y un Diccionario». Fica, pois, ben claro que na intención dos fundadores da Academia estaba a unificación escrita do idioma, obxectivo que constantemente se verá ratificado nos primeiros pasos da nova entidade. Neste sentido, unha gramática e un dicionario eran ferramentas básicas para tentar unificar e regularizar os usos escritos dunha lingua, alén de seren tamén instrumentos exíbeis na altura para unha variedade lingüística ser considerada lingua de cultura e, por tanto, para a dotar de prestixio na sociedade e para conseguir o seu pleno recoñecemento como idioma. Porén, a nova corporación, que naceu por iniciativa de persoas particulares e que non contou cun apoio institucional definido, achou grandes dificultades para levar a cabo tal obxectivo.

A Academia Galega non só non conseguiu elaborar unha gramática desde a súa fundación en 1906, como mesmo non foi capaz de consensuar internamente e divulgar unhas normas mínimas para a escrita do idioma en máis de 60 anos de existencia. No inicio do seu mandato como presidente, que durou de 1960 a 1977, Sebastián Martínez-Risco tentou con todas as forzas levar a cabo o proxecto gramatical, mais este fracasou antes de completar dous anos no cargo e, finalmente, tivo

de se contentar coa aprobación dunhas breves e incompletas normas ortográficas e morfolóxicas xa pasado o ecuador do seu mandato presidencial (Freixeiro Mato 1994: 166-179). Niso tivo un papel importante o núcleo de Galaxia dominante na Academia, e en concreto Ramón Piñeiro, que «manifestou interese» por esta entidade «como parte da súa estratexia de resistencia contra o ferreño control franquista verbo das escasas, precarias e esmaceladas institucións culturais do país» (Monteagudo 2008: 108). Cando ingresou como académico numerario en novembro de 1967, xa tiña en mente unha rápida solución nese sentido, como se deduce do seu discurso: «o escepticismo baseado no dialectalismo e na anarquía ortográfica do galego teñen pouca importancia porque, de feito, a unificación normativa e a unificación ortográfica están ao noso alcance e serán realidade dentro de pouco» (Piñeiro 2007: 85)⁴. E así acontecería, efectivamente, mais só no plano puramente formal, pois as normas ortográficas e morfolóxicas que a Academia vai aprobar co inicio da década de 70 serán moi limitadas canto ás solucións que achegaren e ao mesmo tempo terán unha incidencia reducida, pois no mesmo ano 1971 en que conxuntamente se editan outra institución con máis prestixio científico —o ILG— vai cuestionar a súa autoridade e asumir na práctica a función codificadora do idioma.

Perante os diferentes posicionamentos deses dous axentes codificadores e antes de entrar no relato do proceso interno de elaboración e aprobación das normas académicas, parece oportuno confrontar os dous paradigmas normativos que explica Alonso Pintos (2006: 107-123): a «norma escrita (gramático-literaria)» e a «norma oral (popular-dialectal)». O primeiro, un dos máis fecundos e recorrentes na codificación das linguas europeas, toma como base a lingua literaria das mellores escritoras e escritores, e «a lingua pasa a entenderse como unha cultura, unha tradición, ou mesmo, unha antoloxía literaria», de modo que o «bo é o escrito e literario», en

⁴ No entanto, segundo el a «batalla do prestixio social preséntase máis difícil», e nisto o paso do tempo deulle a razón. Para Santamarina (1998: 13-14), Piñeiro «non era un lingüista profesional e menos un sociolingüista», mais o seu discurso na RAG constitúe «a primeira obra de sociolingüística galega que mereza tal nome» e nel acha «ideas moi modernas que coinciden plenamente coas que estaban desenvolvendo os sociolingüistas da época», alén dunha «dose moi grande de sentido común». Monteagudo (2008: 98), por súa vez, considérao unha «das figuras máis dignas, intelectual e moralmente, da Galicia contemporánea, recontando os impagables servizos que prestou a Galicia, ao seu idioma e á súa cultura durante a *longa noite de pedra*». Alén destes dous traballos, para o coñecemento da ideoloxía lingüística de Piñeiro é de interese a introdución de Monteagudo (2007) ao seu discurso académico, onde se afirma que sentou as bases «para o desenvolvemento da reflexión sociolingüística en Galicia», axudando tamén o seu autor a dar pulo «á profunda transformación que naqueles anos estaba a experimentar a consciencia lingüística do país» (Monteagudo 2007: 44).

canto o «non literario carece de altura e non pode, daquela, ser recoñecido como un exemplar para o conxunto da comunidade». O segundo paradigma, tamén con ampla tradición no mundo occidental, actúa en sentido inverso, pois «procura os seus modelos nos usos orais e dialectais, considerados os depositarios da enxebreza idiomática» (Alonso Pintos 2006: 114). Eis os dous modelos confrontados que seguirán, respectivamente, a Academia —e que xa viña seguindo Galaxia e a gramática que promoveu nos anos 60— e o Departamento de Filoloxía Románica da universidade compostelá nos inicios da década de 70.

Como na realidade o que se pretendía para o galego desde o Rexurdimento oitocentista era a construción dunha norma culta para a escrita literaria, aínda case a única practicada á altura de 1970, e tamén dun modelo de galego común na perspectiva dunha futura e posíbel normalización da lingua que se comezaba a enxergar por esas datas, convén situarmos este período histórico no proceso de estandarización do galego na época contemporánea. Por un lado, o profesor Carvalho Calero, que sinalara as fases de dialectalismo, interdialectalismo e supradialectalismo, escribía en 1974: «El gallego escrito de hoy, superada, aunque imperfectamente, la fase dialectal, y la interdialectal, ha alcanzado la fase supradialectal» (Carballo Calero 1974b: 39). Por outro, Fernández Salgado & Monteagudo (1995) periodizan o desenvolvemento do estándar literario en galego popularista, galego enxebrista, galego protoestándar e galego estándar, a situaren os anos aquí tratados no galego protoestándar, que comprende desde fins da Guerra Civil até os anos 70 e cuxa caracterización (Fernández Salgado & Monteagudo 1995: 140-148) reflicte acadamente o modelo lingüístico dominante tanto nos membros da Academia que escribían en galego e na ‘normativa Galaxia’ (cf. Villanueva Gesteira 2015: 200-208) como especificamente en Piñeiro (cf. Monteagudo 2008: 110) ou Carvalho Calero; por conseguinte, tamén ese modelo serve de marco en que se deben inscribir as normas de 1970 e 1971 que serán obxecto de tratamento nestas páxinas. Tal tendencia dominante, baseada na construción dunha variedade central para o galego na procura dun «estándar autónomo e autocentrado (endonormativo)», segundo Monteagudo (2005: 430), non excluía a presenza doutros dous ideais de lingua que este autor denomina «subestándar» —espontánea e que non sexa percibida como artificial— e «superestándar» —de orientación parcial ou totalmente exonormativa con base no portugués—, que se manifestarán máis explicitamente en anos posteriores (cf. tamén Villanueva Gesteira 2015: 209-214).

En conclusión, hoxe tense avanzado moito no camiño da estandarización do galego, mais esta era inexistente até as derradeiras décadas da centuria precedente, o que constituía un claro obstáculo para poder avanzar no camiño da súa recuperación

e dignificación, como puxo en evidencia o erudito portugués Manuel Rodrigues Lapa nas cartas que dirixiu a Fernández del Riego (Lapa 2001). No entanto, por eses mesmos anos os seus amigos galeguistas da Academia Galega, con Piñeiro como principal ideólogo, foron incapaces de procuraren unha solución estábel a tan grave problema de anarquía gráfica e gramatical, a pesar dos esforzos de Sebastián Martínez-Risco, presidente da institución na década de 60 e boa parte de 70. Nesa altura a ausencia dunha norma padrón socialmente asentada era, de certo, un grave obstáculo para o prestixio do galego e para a súa revitalización como lingua de cultura. Como afirma Sánchez Rei (2009: 95), «o galego simboliza máis un caso da necesidade social de que unha nación con lingua propia tamén teña un modelo lingüístico referencial en que se desenvolva a maior parte das actividades públicas (ensino, administración etc.)». A planificación do corpus tamén debe ir acompañada da planificación do status e esta demanda a primeira; Cooper (1997: 46) afirma neste sentido que a función, a forma e a adquisición dunha lingua son aspectos que están interrelacionados, en canto Lamuela & Monteagudo (1996: 238) sosteñen que establecer unha dicotomía entre as intervencións sobre o status dunha lingua e sobre a súa estrutura corre o risco de desfigurar o carácter desas actividades; para eles a división entre a planificación do corpus e do status é máis unha opción metodolóxico-pragmática do que unha división da realidade. Por iso non é casual que as primeiras normas codificadoras que a Academia aprobou en 1970 e 1971 coincidan coa tímida incorporación do galego ao sistema educativo, como se verá.

Nas páxinas que veñen a seguir relatarase a historia interna deste proceso normativo de finais da década de 60 e de inicios da de 70 á luz dos novos datos que nos fornece a correspondencia dos axentes máis relevantes publicada nos últimos anos e tamén a documentación aínda maioritariamente inédita que se custodia no arquivo particular de Sebastián Martínez-Risco (no sucesivo AMR) e no arquivo da Academia (no sucesivo ARAG). Por historia interna enténdase entón, neste caso, as actuacións e comportamentos persoais dos axentes envolvidos no proceso, as ideas subxacentes e as consecuencias de aí derivadas, que permiten coñecer e explicar mellor a traxectoria seguida na elaboración da norma lingüística do galego.

2. A HISTORIA INTERNA DAS NORMAS ORTOGRÁFICAS DE 1970

2.1 Xénese, proceso de aprobación e difusión

Será xusto no tránsito da década de 60 á de 70 cando a Academia enfrontará a elaboración dunhas normas mínimas para a escrita da lingua galega, de modo que

aquele curto período de tempo de que falaba Piñeiro no seu discurso académico de 1967 vai durar aproximadamente dous anos. Como relata a Basilio Losada en carta de 22 de marzo de 1970, «[h]ai cousa de ano e medio», isto é, máis ou menos por finais de 1968, un reducido grupo de académicos pertencentes á órbita ideolóxica que se movía arredor do galeguismo representado por Galaxia decidiu de modo extraoficial iniciar o proceso de elaboración dunhas normas unificadoras do idioma. Non o fixeron de maneira oficial por se non fiaren dos «criterios ortográficos rixidos e hoxe pouco aceptables» de Leandro Carré Alvarellos, membro da Xunta de Goberno da Real Academia Galega (no sucesivo RAG), que viña insistindo no seo da entidade na defensa da terminación *-zón* e na representación *ao* do encontro da preposición *co* artigo (e a ausencia da preposición *a* co complemento directo) en coherencia cos criterios que a propia Academia acordara para o seu dicionario, e que tamén viña criticando a para el deriva castelanizadora seguida pola entidade. O camiño escollido, como continúa a relatar Piñeiro na mesma carta, foi crear «unha Comisión *espontánea* de académicos —Filgueira, Carballo, Millán e mais eu— que elaborase unha ponencia que se comunicaría aos demais académicos»⁵, que logo se presentaría oficialmente á corporación para ser sometida á discusión de todos os membros «en vista á súa aprobación e publicación ulterior con carácter oficial» (en Piñeiro & Losada 2000: 795-799).

Os académicos Ramón Piñeiro e Carvalho [Carballo] Calero, tamén coa colaboración de Filgueira Valverde, emprenden en finais da década unha rápida carreira por aprobaren e daren ao prelo unhas normas ortográficas do galego, coincidindo xustamente coa ausencia do presidente da RAG, que permaneceu en Girona desde marzo de 1969 até abril de 1970, período en que se acelerou todo o proceso. Segundo a documentación que consta no ARAG so o rótulo de «Normas ortográficas 1970», Piñeiro, Carvalho e Filgueira dirixen un escrito ao presidente con data de 20 de novembro de 1969 en que lle comunican a entrega da proposta de normas para que a RAG as adopte como propias e as publique e difunda nos medios de comunicación coa máxima urxencia posíbel. Entre a restante documentación sobre o tema hai cartas de Carvalho e Piñeiro onde fica claro que o texto o elaboraron entre os tres citados e que o primeiro foi o encargado de lle dar a redacción final, após algunhas modificacións aprobadas polo plenario da RAG. Na documentación desta relativa ao ano 1970 hai unha notiña de Carvalho a Vales Villamarín, como secretario da entidade, con data de 17 de febreiro, na cal lle di: «Meu querido Segretario: O texto

⁵ O uso da letra itálica nesta e nas sucesivas citacións que se fixeren da correspondencia, édita ou inédita, e doutras fontes de información é responsabilidade única da autoría dos textos orixinais.

definitivo das Normas, modificado de acordo coas notas que toméi durante o debate, serálle certificado mañá». Tamén hai copia dun escrito da RAG a Carvalho Calero de 27 de febreiro en que o secretario lle comunica unha omisión ou lapso no texto oficial das normas que el debería subsanar coa máxima urxencia.

Carvalho declarou ser «o redactor principal» desas primeiras normas académicas, a admitir tamén a influencia das circunstancias políticas na súa confección e subrepticamente a subordinación ao español, de modo que só se trataba de reflectir nelas o que xa era a práctica maioritaria da escrita, á espera da necesaria incardinación do galego no seu sistema propio, o galego-portugués, como innovación a realizar no futuro (en Fernán-Vello & Pillado Mayor 1986: 182-183). En carta de marzo de 1971 Piñeiro escribía a Basilio Losada dicíndolle que o criterio da Academia e o de bastantes escritores «é de manter todas as afinidades razoablemente posibles do galego co portugués. Non se trata de aportuguesar o galego, pro sí de afirmar tódalas características comúns, non só pola comunidade de orixe senón porque a nosa expansión cultural ten como vía natural o ámbito luso-brasileiro» (en Piñeiro & Losada 2009: 842). Neste sentido, Villanueva Gesteira (2015: 236-237) afirma que «[p]ara Piñeiro neste momento era importante potenciar a lingua escrita aproximándose na medida do posible ó portugués, unha afirmación que pertence a esta segunda época, pois non a rexistramos nos anos cincuenta». Aínda que Carvalho Calero fose, con efecto, o redactor material das normas, parece lóxico pensarmos, tendo en conta que as súas ideas eran na altura bastante coincidentes coas de Piñeiro, que foi este quen supervisou e controlou de forma directa todo o proceso normativo⁶. Se callar, nesa altura Piñeiro era máis explícito que Carvalho á hora de tratar sobre a proximidade entre o galego e o portugués, pois o segundo aínda escribía que nos séculos do galego medio se afasta «definitivamente o galego do portugués» (Carballo Calero 1972: 132); e dous anos despois parece situar o galego nunha posición equidistante con relación ás linguas veciñas: «Si se quiere escribir en gallego, no podemos ni olvidar que el portugués está genéticamente emparentado con el gallego ni que el castellano lo está políticamente. Tan absurdo es el diferencialismo frente al castellano como el diferencialismo frente al portugués» (Carballo Calero 1974b: 38). Sexa como for, o caso é que as normas ortográficas da RAG, aprobadas formalmente

⁶ O papel da tradición e da literatura na concepción de Carvalho Calero sobre o que debe ser a codificación do galego pode verse en Alonso Pintos (2002: 107-115); ideas semellantes de Ramón Piñeiro sobre o tema poden lerse tamén no seu discurso de ingreso na Academia (Piñeiro 2007), nos seus artigos en xornais e revistas (por exemplo, Piñeiro 1971) ou na súa correspondencia, entre outros, con Basilio Losada (Piñeiro & Losada 2009). Para unha análise das ideas lingüísticas de Piñeiro véxase Santamarina (1998), Monteagudo (2007) ou Villanueva Gesteira (2015: 187-237).

o 15 de febreiro de 1970, respondían aos criterios acordados basicamente entre os dous membros destacados desa entidade e de Galaxia; nisto tamén parece acreditar Santamarina (en Fernández Rei 2008: 994) cando afirma que a filosofía da normativa académica de 1970 «era a da *Gramática* de 1966 de Carballo, supoño que consensuada con Piñeiro». Tamén se debe ter en conta que no ano 1971 Carvalho exercerá como primeiro secretario do ILG e logo como vicedirector, segundo se verá.

Así pois, será a inicios do ano 1970, con Martínez-Risco en Cataluña reincorporado por breve tempo á carreira xudicial, cando vai dar a Academia á luz pública unhas normas ortográficas oficiais para a lingua galega. Ramón Piñeiro informa por carta, de 19 de febreiro de 1970, ao presidente da Academia da aprobación das normas por parte da entidade, a pesar dalgunhas «rosmadelas» (talvez de Carré e algún outro), anúncialle que lles van dar difusión a través dos xornais e que van tratar de que «a Academia as publique de contado nun breve folleto», de modo que, se todo transcorre ben, «podemos intentar un segundo paso máis importante e decisivo: a unificación normativa da lingua» (en Freixeiro Mato 1994: 215-216). Na resposta, Martínez-Risco congratúlase do acordo académico, mostra desexos de completar o labor de unificación da lingua, reconece o importante contributo de Piñeiro nesa tarefa, ánimo tamén a intensificar os contactos co director do Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Constantino García, e co seu grupo de persoas colaboradoras, e anuncia o seu rápido regreso á Coruña⁷. Como xa se suxeriu, varios académicos, urxidos e coordinados polo propio Piñeiro, mandaron o acordo ortográfico aos diferentes xornais, que entre finais de febreiro e inicios de marzo informan del con grandes titulares e reproducen o texto completo⁸. Piñeiro escribe unha carta a Vales Villamarín, como secretario da RAG e responsábel da actuación desta perante a ausencia de Martínez-Risco, con data de 25 de febreiro de 1970, en que nun ton de enfado lle fai notar a «urxencia de facer presente iste paso idiomático en vísperas da inminente discusión nas Cortes do problema do bilingüismo escolar» e acusa a Xunta de Goberno de se inhibir neste tema:

A asombrosa inhibición da Xunta de Goberno non podía —nin debía— servir de modelo pra os nosos deberes académicos en relación coa língoa. Pola miña banda, evitei seguir ise exemplo facilitándolle copia das ‘Normas’ ao diario lugués *El Progreso* (ARAG).

⁷ Véxase rascuño manuscrito e incompleto que figura no AMR, tamén reproducido en Freixeiro Mato (1994: 216-217, nota 33).

⁸ Véxase, por exemplo, «As normas Ortográficas do idioma galego» (*El Ideal Gallego*, 26-02-1970) ou «Normas de ortografía de la lengua gallega» (*La Voz de Galicia*, 26-02-1970).

Esta carta deixa poucas dúbidas a respecto de quen controla e dirixe o proceso de codificación do idioma na Academia. En escrito do 20 de marzo de 1970 (AMR) o presidente comunica á Xunta de Goberno da entidade que xa se acha en condicións de asumir novamente a presidencia. Un pouco antes, en dúas cartas datadas no mesmo día, 9 de marzo, Piñeiro dá conta ao presidente da boa acollida das normas por parte do Instituto Padre Sarmiento e de Rodrigues Lapa, e noutra de 21 de abril indícalle a quen as debe enviar a Academia: Dámaso Alonso, Lapa, Piel, Pensado, Constantino García, Instituto P. Sarmiento, Eugenio López, Antonio Pastor de la Medén, Cardeal Quiroga Palacios, bispo Cerviño, Isidoro Millán e Basilio Losada⁹. Tamén o órgano oficial da Academia informa nunhas breves liñas, so o título de «Normas ortográficas del idioma gallego», da aprobación e distribución destas como «el primer paso para la unificación de nuestra lengua, que la Corporación confía en llevar a cabo sin demora»¹⁰.

2.2 Urxencia e significado

A urxencia de Piñeiro por dar a coñecer publicamente as normas ortográficas estaba en relación coa posibilidade que se abría no debate político de as linguas minorizadas do Estado se incorporaren timidamente ao sistema educativo e coa necesidade de que a falta de codificación do galego non servise de escusa para o deixar á marxe do proceso. Así o manifestaba na antecitada carta de 25 de febreiro a Vales Villamarín ao falar do «inminente» debate do bilingüismo escolar nas Cortes franquistas. Efectivamente, o 17 de abril de 1970, após as intervencións de Rosón Pérez e do académico Filgueira Valverde, aquelas admitiron «definitivamente o galego nas aulas», aínda que só fose «o principio da legalización» (Ferro Ruibal 2015: 160). O propio Piñeiro comenta a Fernández del Riego, en carta de 11 de maio, a «trascendencia enorme na historia da nosa lingua» que ten «a aprobación dos artigos 14 e 17 da nova Ley de Enseñanza» e a conveniencia de reproducir en *Grial* os discursos dos dous procuradores que interviñeron como «portavoces dos dereitos da nosa lingua» (en Fernández del Riego 2000: 254-255). As normas ortográficas apareceron, pois, oportunamente arredor do momento de publicación da «Ley General de Educación» promulgada polo ministro franquista Villar Palasí

⁹ Poden lerse estas tres cartas completas, incluído o anexo á última, en Freixeiro Mato (1994: 217-219).

¹⁰ Véxase *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo 30, nº 352, 1970, p. 476. Contrasta esta breve noticia de apenas cinco liñas coa ausencia de calquera referencia á aprobación das normas morfolóxicas ao ano seguinte no mesmo boletín (tomo 31, nº 353-354, 1971-1972).

en 6 de agosto de 1970, que autorizaba o ensino optativo das linguas ditas ‘nativas’, entre elas o galego. Segundo sinala Santamarina (1998: 54), confiaba moito Piñeiro, como tantas outras persoas, en que «a presenza do galego na escola ía ter un papel beneficioso non só na recuperación do prestixio do idioma, senón tamén como freo na desgaleguización do país», mais na altura en que o primeiro lembraba os 30 anos do discurso de ingreso na RAG do segundo a escola aínda era «un axente castellanizador máis eficaz ca na época en que Piñeiro ou eu mesmo fomos escolarizados». De todos os modos, débese recoñecer que esa «nova situación legal coa posibilidade de introducir o galego no ensino dá o impulso decisivo para a realización da tarefa xa moi anteriormente iniciada: a creación dunha lingua común galega e un movemento de planificación lingüística concreta» (Kabatek 1994: 165).

A Academia quería, con certeza, que a lingua galega estivese preparada para esa incorporación ao ensino obrigatorio, mais ao mesmo tempo tamén procuraba coas normas a propia xustificación, lexitimación e fortalecemento nun momento propicio para reafirmar a súa autoridade en materia lingüística, e tamén a do grupo dominante de Galaxia, segundo Samartim (2005: 14):

Estas *Normas*... supoñem unha tentativa (enunciada como urgente e provisoria) de fixar e habilitar *progressivamente* o código lingüístico para o ensino, mas som sobretudo o produto com que o grupo Galaxia —que controla e acapara a representación na RAG— pretende preencher a um tempo dous défices percebidos como históricos polos agentes envolvidos no campo: dotar dum código oficial (de aceitação universal) à língua da Galiza e fornecer de passagem o poder simbólico suficiente a umha instituição (neste caso a Academia) para que a sua autoridade sobre a fixação desse código seja aceite no campo.

Na correspondencia de Piñeiro relativa á elaboración e difusión destas primeiras normas académicas tamén tenta explicar o seu significado e o proxecto xeral en que se insiren. Para el, en coincidencia co que expresou igualmente Carvalho Calero e co que parecía ser un sentir maioritario na Academia, esas normas eran conxunturais, en canto as circunstancias non permitisen dar novos pasos na vía de ruptura coa dependencia do español e na inserción no ámbito que ao galego lle era propio. Nunha misiva especialmente interesante de Piñeiro a Basilio Losada, de 22 de marzo, transmítelle que os académicos eran partidarios dunha maior aproximación ao portugués, mais que por motivos prácticos de momento se facían depender do castelán, á espera de no futuro seguir un proceso gradual de achegamento ao ámbito natural do galego (cf. Piñeiro & Losada 2009: 795-799). Mais tamén na mesma carta explica Piñeiro o procedemento seguido para a elaboración destas normas ortográficas, na procura de evitar os obstáculos que supuñan os criterios de Carré Alvarellos, como xa se viu.

Con relación ao papel de Carvalho Calero no proceso codificador da altura, é certo que participou activamente, como se dixo, na elaboración das normas, mais cómpre insistir en que a dirección política do proceso a levou Piñeiro; así o pon en relevo, entre outros moitos testemuños, unha carta deste a Del Riego de 8 de xaneiro de 1970, cando Martínez-Risco está fóra do país: «Acabo de recibir os dous documentos ortográficos. Recollerei a firma de Domingo e mandareille todo ó Marino para que poña en marcha o mecanismo académico» (en Fernández del Riego 2000: 254). Carvalho estaba máis centrado nas sucesivas edicións da súa gramática, que nesa altura xa era a terceira, como pon en evidencia unha carta a Del Riego de 16 de marzo de 1970 (Carballo Calero 2006: 479-482), na cal, após unha breve introdución anunciándolle o envío dunha nota informativa sobre as normas que aquel lle pedira, centra obsesivamente a súa longa misiva nesa terceira edición con que quere mellorar moito a segunda. Como xa expuxera desde a primeira edición, o autor propuña unha gramática do ‘galego común’ —expresión tamén moi utilizada por Piñeiro no seu informe á RAG de 1962 (Santamarina 2009)—, entendido como un ‘galego ideal’ baseado na lingua viva do momento; mais a lingua viva que lle interesa «no es el gallego vulgar, profundamente alterado en su pureza por la erosión de la lengua oficial», senón «el gallego culto, el gallego literario, que aspira a ser un instrumento cabal de cultura» (Carballo Calero 1966: 13).

As normas, pois, eran urxentes para Piñeiro por motivos políticos e tanto para el como para Carvalho significaban só un primeiro paso nun máis longo camiño de unificación normativa, aínda que tamén o primeiro insistise no seu valor para a propia lexitimación da Academia.

2.3 Contido e discrepancias

As normas ortográficas ocupan apenas 13 páxinas de pequeno formato, a última das cales consta só de tres liñas para dicir que nos casos non contemplados nelas «serven de supletorias as usuás na ortografía castelá» (Real Academia Gallega 1970: 18). Están divididas en dúas partes ben diferenciadas, unha «Introducción ás normas ortográficas», de cinco páxinas, e as «Normas ortográficas» propiamente ditas, en sete páxinas, divididas en tres partes: «O abecedario galego», «O acento ortográfico» e «Contraccións», alén da «Norma supletoria» xa comentada, que figura como a parte cuarta. A primeira redúcese a unha descrición do alfabeto, con algunha atención singularizada ao valor fónico das vogais <e, o>, da letra <g>, do dígrafo <nh>, de <x> e de <h>. A segunda explica as regras de acentuación das palabras «agudas», «graves» e «esdrúxulas», a comezar por afirmar que son as mesmas que

as do castelán, alén de dar unha listaxe de palabras con acento diacrítico (*á, dá, é* etc.), de se referir a formas verbais con pronome enclítico (*falóulle, consérvano*), aos adverbios en *-mente* (*útilmente*) e ás palabras compostas (*fervellasberzas*). A terceira parte sobre as contraccións é a máis elaborada, como tamén xulga Alonso Pintos (2006: 186), pois comeza por establecer o principio de que as palabras se escribirán «na súa integridade», o que presupón a simplificación da escrita coa eliminación de apóstrofos e trazos que foran habituais anteriormente, e fixa as contraccións admitidas na escrita: (i) *llo, llelo* etc.; (ii) *ao, á, aos, ás*; (iii) *do, dunha, deles, daqueles* etc.; (iv) *co, coas, cuns* etc.; (v) *no, nunha, nela, nelo, neste, nalgún* etc.; e (vi) *polo, pola* etc.; por último, consagra a non representación das formas asimiladas do artigo na escrita como criterio xeral: «*todas as nenas, coller o millo*». O conxunto das normas está caracterizado pola prudencia ou discreción (Alonso Pintos 2002: 115-117) con que a Academia afrontou a súa elaboración, tentando seguir o que xa era a ortografía usual da época na procura de facilitar a aprendizaxe da maneira máis simple e a remitir por iso constantemente para o castelán como norma de referencia por ser a única que se aprendía no sistema educativo. Na parte introdutoria faise uso tamén do argumento da provisionalidade, pois é «unha ortografía susceptible de perfeición» que se debe inspirar máis «na estrutura fonolóxica do propio idioma», mais que tamén debe ser «elaborada con acougo» (Real Academia Gallega 1970: 7).

Un dos exemplares mecanografados das normas ortográficas que figura no ARAG está asinado por 20 académicos numerarios, entre os que se poden ler por esta orde os nomes de Filgueira Valverde, Carballo Calero, Ramón Piñeiro, Ant^o Iglesias (?), Antonio Fraguas, Jesús Carro García, García-Sabell, Fermín Bouza-Brey, Luís Iglesias, X. Lorenzo, Álvaro Cunqueiro, X. M. Álvarez Blázquez, (?), R. Otero Pedrayo, X. Taboada Chivite, José Luis Bugallal, A. Meijide, E. Chao, M. Chamoso Lamas. Na parte inicial do texto figura unha nota mecanografada do secretario da entidade onde consta a data de 15 de febreiro de 1970 e que houbo reparos formulados por Vales Villamarín, E. Chao Espina e Leandro Carré Alvarellos. Curiosamente, nin Vales nin Carré, que teñen sinaturas ben recoñecíbeis e que son membros da Xunta de Goberno da RAG, figuran entre os asinantes, ao contrario que Chao. Así pois, no propio órgano de goberno ordinario da entidade había unha manifesta oposición ao criterio normativo seguido por ela.

Segundo xa foi suxerido, a Academia vai contar tamén coa oposición, no plano normativo, do Departamento de Filoloxía Románica da USC. Así o manifesta Constantino García nun artigo en *Grial* de abril-maio-xuño de 1971 cando di que as normas ortográficas da RAG «supuxeron un franco retroceso, en canto alonxan máis a lingua escrita da falada do que o viñan facendo calquera das grafías empregadas

hastra daquela» e cando a seguir anuncia que van seguir as normas académicas con algunhas modificacións que representen mellor «a realidade falada» e que eviten a súa «tendencia lusizante» (García 1971: 132-133). Aínda que os autores do método de galego que o ILG vai publicar en 1971 pretenden reducir as diferenzas básicas entre as normas da RAG e as seguidas por eles ás segundas formas do artigo e á contracción deste con *a* e *p(a)ra*, na realidade aquelas son maiores e encobren distintas concepcións da lingua, como tamén apunta Alonso Pintos (2002: 117), para quen as diverxencias están en parte motivadas «por unha diferente concepción da relación entre galego escrito e fala» existente en ambas as propostas, de maneira que «os puntos nos que o ILG se desvía da Academia derivan case sempre da súa maior intimidade coa lingua oral popular, que erixen en referente modélico fundamental». Aínda que na súa primeira etapa, toda a década de 50 e inicios de 60, o grupo de Galaxia —e por tanto tamén Piñeiro e en certo modo o grupo dominante da Academia— mostraba «unha visión positiva cara á lingua popular» (Villanueva Gesteira 2015: 208), parece claro que en anos posteriores a prevención sobre as moitas interferencias castelanizadoras presentes nesa se van agrandando.

Estas primeiras normas da RAG, de carácter só ortográfico, poden considerarse o primeiro e ao mesmo tempo o último acto normativo que a entidade corporativa levou a cabo con plena autonomía no relativo á codificación do idioma, coa circunstancia de o principal redactor, Carvalho Calero, ser tamén na altura profesor de Lingua e Literatura Galegas na USC. Cando ao ano seguinte a Academia, e os mesmos membros redactores, leve a cabo a elaboración e aprobación das normas morfolóxicas, estas xa van estar dalgún modo condicionadas pola intervención do Departamento de Filoloxía Románica dirixido por Constantino García, como a seguir se verá e como o propio Piñeiro xa intuía cando en febreiro de 1970 escribía a Martínez-Risco:

Xa sabes a miña vella preocupación polo Departamento de Románicas da Universidade. Eles traballan, investigan a nosa lingua, cousa que a Academia non pode facer [...]. Ora, iste labor dalles automáticamente unha autoridade natural sobre os problemas da nosa lingua coa que non se podería competir. Temos que nos adiantar e percurar a súa colaboración coa Academia. Necesítamos «asocialos» urxentemente, pra que reforcen e respalden a autoridade da Academia (en Freixeiro Mato 1994: 216).

Mais esa ‘asociación’ vai ser en detrimento da autoridade da Academia, que na práctica cederá a dirección do proceso codificador do idioma ao ILG co asentimento máis ou menos forzado de Piñeiro, que terá de facer algunhas renuncias, pois no terreo ortográfico propugnaba «a racionalización e a simplificación pero tamén a

flexibilidade», a se mostrar «moi prudente e gradualista á hora de abordar a tarefa da codificación normativa», e na súa escrita persoal nutríase tanto das «falas populares» como da «ricaz tradición literaria galega», apoiada tamén «nunha apertura sen complexos cara ao léxico portugués» (Monteagudo 2008: 110). Se Piñeiro controlara a elaboración e aprobación das normas ortográficas, vai tamén facer o mesmo coas morfolóxicas, en que xa pensa en marzo de 1970, cando escribe ao presidente da RAG: «Pra o outono teremos que nos meter a fondo co problema da unificación normativa do idioma» (en Freixeiro Mato 1994: 217).

3. A HISTORIA INTERNA DAS NORMAS MORFOLÓXICAS DE 1971

3.1 Xénese, proceso de aprobación e difusión

As normas morfolóxicas da RAG foron aprobadas en sesión plenaria da entidade de 4 de xullo de 1971 e, como acontecera coas ortográficas, chegaran asinadas tamén por Filgueira Valverde, Ricardo Carvalho Calero e Ramón Piñeiro, segundo consta nos arquivos da RAG, onde figura igualmente unha carta ao presidente coa sinatura só de Carvalho e Piñeiro, datada a 9 de xuño, en que lle comunican o envío das normas morfolóxicas como «continuación das normas ortográficas anteriormente aprobadas» e lle solicitan a súa rápida tramitación na Academia, e un escrito de Sebastián Martínez-Risco a Vales Villamarín, de 19 de xuño, en que lle comunica o envío das normas morfolóxicas que elaboraron Filgueira, Carvalho e Piñeiro para exame e aprobación dos académicos. Tamén no AMR hai un «Saúda» do presidente da RAG dirixido a si propio como académico, e por tanto con seguranza a todos os demais, onde di que se complace en «remitirille, adxuntas, as normas morfolóxicas que someten á consideración da Academia, para a súa posible aceptación pola mesma, os académicos numerarios D. Xosé Filgueira Valverde, D. Ricardo Carballo Calero e D. Ramón Piñeiro López», co rogo de as estudaren «para dar o seu informe na sesión extraordinaria que ao efecto celebrará a Corporación o día 4 de xullo próximo». Leva data de 19 de xuño de 1971, a mesma que outro escrito de convocatoria de Xunta Extraordinaria da Academia para o 4 de xullo, asinada por Vales Villamarín como secretario co visto e prace de Martínez-Risco como presidente e con un único punto na orde do día: «Estudo e resolución, se procede, da proposta presentada, con data de 9 do corrente mes, por varios señores académicos numerarios encol da unificación morfolóxica da nosa lingua». Para os efectos da súa posíbel influencia na data de aprobación destas normas, cómpre ter en conta que o método de *Gallego 1* do ILG fora presentado publicamente máis de mes e medio antes, o 14 de maio dese mesmo ano 1971 (Fernández Rei 2008: 998).

Noutra carta desa altura, sen datar, de Piñeiro a Losada o primeiro fala da «ponencia que presentamos o Filgueira, o Carballo e mais eu» e de que nela «haberá modificacións» ao seu paso polo plenario académico, feito que confirma a documentación depositada no ARAG e esta mesma carta do verán de 1971: «Hai unha importante enmenda á norma 2, que eu apoiarei canto poida porque me parece moi asisada. Coido que prosperará, co cal ganhará notablemente o conxunto das Normas» (en Piñeiro & Losada 2009: 865). Esa norma 2 era a referida aos plurais das palabras terminadas en <l>, que consagraba a solución oriental *animais* fronte á occidental *animás* e á *animales* dominante na fala. A redacción definitiva ficou así na parte da «Introducción»:

Non se pode consagrar a reposición do -l- intervocálico, cuxa caída é característica do galego, na formación dos plurais dos nomes, fora do caso dos monosílabos e certos cultismos. A solución que recomendamos, característica hoxe do galego oriental, non resulta violenta para ningún galego, coincide co portugués e está abonada historicamente (Real Academia Gallega 1971: 25).

Esta redacción coincide coa que figura no texto remitido á Academia polos tres asinantes das normas, salvo que neste non figura «certos cultismos» ao lado dos monosílabos. Como se ve, o criterio de coincidencia co portugués parecía ser válido para Piñeiro, Carvalho e Filgueira, e para a propia Academia. Porén, as diferenzas son maiores se observamos a redacción do punto 2 nas «Normas morfolóxicas» propiamente ditas, pois en canto na edición publicada se di que «os adxectivos polisílabos do galego actual rematados en -il non acentuado, sen tradición ou con tradición vacilante no galego histórico, ateráanse na formación do plural ao padrón etimolóxico, engadindo -es: *áxil, áxiles; fácil, fáciles*, etc.» (Real Academia Gallega 1971: 28), na versión orixinaria dicíase que se mantiña a mesma norma «no caso de que o acento da palabra non vaia na vocal que precede ao -l: *increíbel, increíbeis; útil, utis*»; isto é, finalmente a Academia aprobou os plurais *fáciles* ou *útiles* fronte a *facis* ou *utis* que ían na versión presentada a debate, e talvez esta fose a emenda que apoiou Piñeiro; por outro lado, nunha carta de 10 de xullo de 1971 Vales Villamarín pregunta a Carvalho Calero se se debe incluír nese punto 2 o «vocábulo *reás*» como excepción «ou silenciámos o caso» (ARAG), o que finalmente aconteceu. Cómpre termos en conta que o propio Carvalho na terceira edición da súa gramática, de 1970, por tanto case coincidente temporalmente coa elaboración desas normas, daba *baús, cadrís, feás, mantés* e *pirifós* como plurais respectivamente dos substantivos *baúl, cadril, feal, mantel* e *pirifol* (Carballo Calero 1970: 107), en canto para o adxectivo *lanzal* ofrecía a solución *lanzás*, sen presentar outros exemplos de adxectivos terminados

no singular en <l> (Carballo Calero 1970: 118); porén, na cuarta edición de 1974 Carvalho xa incorpora na súa *Gramática elemental del gallego común* as solucións converxentes coas normas morfolóxicas da RAG: *animáis, papéis, cadrís, peróis* e *azúis* como plural dos substantivos *animal, papel, cadril, perol* e *azul* (sic) (Carballo Calero 1974a: 160), e *lanzáis* como plural de *lanzal* no caso dos adxectivos (Carballo Calero 1974a: 170); non hai referencias nesta gramática ao plural de adxectivos como *útil* ou *fácil* nin tampouco ao sufixo *-bel/-ble/-bre* e aos respectivos plurais.

Outra modificación relevante, precisamente con relación a este sufixo, afecta o punto 10 das normas académicas, tanto na parte introdutoria canto nas normas propiamente ditas, a se lexitimar na versión final tamén a solución *-ble* para o sufixo latino *-BILE*, ao lado do *-bel* que figuraba en exclusiva na proposta inicial. Como se ve, hai algunhas mudanzas na vía de aproximar a norma ao galego oral da altura e de afastar da tradición histórica e do portugués, excepto no caso do nome do país, que no punto 11 aparece citado de exemplo como *Galicia* na proposta depositada no ARAG e no texto definitivo leva o seguinte acrecentamento: «aínda que non se refugue a forma arcaizante *Galiza*» (Real Academia Gallega 1971: 30).

Unha vez aprobadas as normas morfolóxicas pola RAG, o que a partir dese momento cumpría facer era divulgalas e socializar o seu uso. Basilio Losada, aínda desde a distancia barcelonesa, era consciente da oposición que estas suscitaban, pois en carta a Piñeiro de 20 de xuño dese ano afirma: «Hoxe lin no *Faro* de Vigo as novas normas da Academia. Dende logo vai costar traballo impoñelas. O mellor é aplicalas rixidamente dende Galaxia» (en Piñeiro & Losada 2009: 867). Carvalho Calero levou as normas académicas ás aulas universitarias desde o primeiro momento; así, en carta de 20 de marzo de 1971 anuncia a Del Riego o envío duns traballos do seu alumnado universitario co seguinte comentario: «Todos van acordos coas Normas Ortográficas, así que se notas nelas discrepancias, ten en conta que será en puntos aínda non lexislados pola Academia. Os meus alumnos coñecen ben as Normas, porque as practican continuamente» (Carballo Calero 2006: 503). E pouco despois, en carta de 2 de abril, afirma: «Eu atéñome ás normas das Academias Galega e Española», a pór en relevo tanto as lacunas que conteñen canto a dependencia do castelán (Carballo Calero 2006: 505); debe terse en conta que os proxectos normativos da década de 60 e inicios de 70 teñen polo xeral o español como norma subsidiaria, incluída a gramática de Carballo e o «Seminario didáctico da lingua galega» celebrado en Vigo en 1966, que, por exemplo, canto aos signos ortográficos, dicía: «En principio seguiránse as normas do castelán» (en Freixeiro Mato 1994: 176).

Con todo, á altura de 25 de agosto de 1971 parece que aínda non saíran do prelo as normas morfolóxicas, que tamén Carvalho mostra a intención de utilizar

na súa actividade académica, como se desprende da carta a Del Riego desa data, onde acrecenta: «Canto á morfoloxía, fíxose o que se puido; pero, de acordo con Piñeiro, estimouse que non era rentable un esforzo desmesurado, pois nin hai todavía normas morfolóxicas oficiáis» (Carballo Calero 2006: 519-520). De todos os xeitos, a publicación das normas morfolóxicas non ía demorar, pois en nota previa da edición consta que foran aprobadas pola RAG en reunión de 4 de xullo dese ano e o seu colofón di así: «Acabóuse de imprimir este epítome na cidade da Cruña, nos talleres tipográficos da Editorial Moret, o día 14 de agosto do MCMLXXI» (Real Academia Gallega 1971). No entanto, aínda tardou un pouco a distribución das normas impresas, que se debeu de producir a inicios de outubro segundo se deduce da carta do día 12 de Piñeiro a Martínez-Risco (AMR): «Recibín, hai días, o folleto da Academia coas Normas de unificación do noso idioma». No ARAG hai un albará da Imprenta Moret, con data de 25 de setembro de 1971, onde consta que fixo entrega á Academia de «150 folletos normas ortográficas e morfoloxía (sic) do idioma galego» e outro de 29 do mesmo mes en que figura «845 folletos Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego». Tamén hai no mesmo arquivo diferentes escritos de entidades que agradecen o envío das normas, como un da «Sociedade de Língua Portuguesa» dirixido a Sebastián Martínez-Risco, de 13 de novembro de 1971 e asinado por Francisco José Velozo, en que consta: «Venho por este meio agradecer a V. Ex^a, muito reconhecido, o envio das ‘Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego’, editadas pola Real Academia Gallega, às quais vamos dar toda a publicidade na nosa revista ‘Língua e Cultura’»; outro escrito que acusa o recibo das normas é o da Euskaltzaindia - Academia de la Lengua Vasca, de 30 de outubro de 1971 e dirixido igualmente ao presidente da entidade.

3.2 A concorrencia co método de galego do ILG

A comezos de 1971 o Departamento de Filoloxía Románica da USC, dirixido por Constantino García, convocou unha reunión para tratar da estandarización do galego. Como conta Ramón Piñeiro en carta a Basilio Losada de 22 de marzo (cf. Piñeiro & Losada 2009: 848-850), a ela acudiron unhas 30 persoas das distintas cidades galegas e no desenvolvemento da longa sesión púxose en relevo o confronto entre os ‘novos lingüistas’ e os ‘vellos académicos’. Piñeiro apón aos primeiros dous inconvenientes fundamentais: non distinguiren entre lingua falada e lingua escrita («poderíase decir que todo o reducen á fala») e «o fanatismo antiportugués». Con todo, para Piñeiro o encontro foi positivo porque a moderación de Constantino García preservou, segundo el, a dignidade e a autoridade da Academia, e, ao mesmo tempo, moitas das normas de unificación morfolóxica que esta entidade estaba a preparar,

coa intervención directa del propio, «coinciden coas que aquí apoiaba a maioría». De todos os xeitos, Piñeiro revela igualmente que houbo «moito debate no tocante a estas dúas formas: *colle-lo millo* e *coller o millo*, *todo los* e *todos os*, *millolo farías* e *millor o farías*», a deixar constancia de que a «postura do Dep. era moi rixida neste punto a favor das formas enclíticas». Con certeza, a representación ou non na escrita das chamadas segundas formas do artigo sería tamén un dos puntos de maior fricción no conflito normativo que máis adiante se desataría e tamén no difícil acordo que en 2003 lle poría fin, cando menos parcialmente.

Debe terse igualmente en conta que neste ano 1971 se funda o Instituto de la Lengua Gallega, estreitamente vinculado ao Departamento de Filoloxía Románica da USC e presidido polo director deste, que xa en maio dese ano tira do prelo o manual de *Gallego 1*, en que consagra unha liña ortográfica contraria ás normas que a RAG acababa de aprobar o ano anterior en dous puntos chave —*come-lo caldo* e *ó*—, que mesmo porían en perigo bastantes anos despois ese acordo de 2003, alén da opción preferente pola lingua oral e por dar as costas ao portugués, como sinalara Piñeiro, que tamén escribira a Basilio Losada, como se viu, dicindo que dentro dalgúns anos, cando o cultivo do galego estivese plenamente consolidado, sería o momento de a Academia dar máis un paso no achegamento á lingua do país veciño, pois ese era o ámbito «natural» do galego (en Piñeiro & Losada 2009: 796); nisto coincidía co seu interlocutor, que nunha carta bastante anterior, de 15 de outubro de 1962, lle dicía: «Os lusismos son o camiño máis lóxico pra encher as lagoas do noso vocabulario» (en Piñeiro & Losada 2009: 159).

Os enfrontamentos entre os ‘novos lingüistas’ do ILG e a RAG existen, a pesar de Piñeiro tentar minimalizalos, como pon en relevo noutra carta a Losada de 25 de maio de 1971 en que lle comenta a saída do prelo do manual de galego antecitado, a se queixar da «visión de fonetistas e de dialectólogos» e de «certos prexuízos antiacadémicos e anti-varias-cousas» dos membros do instituto universitario; tamén de que Constantino García «nos problemas do galego acepta os puntos de vista dos seus colaboradores». E sinala unha diferenza de fondo na concepción lingüística de ambas as entidades: a Academia «pensa a lingua como instrumento *culto* de cultura e non como mero instrumento oral de comunicación» a partir da diferenciación entre lingua coloquial e lingua escrita, sendo esta a que se pode unificar e non a primeira; polo contrario, para os membros do ILG «a única realidade é a lingua falada» e non comprenden «a perspectiva cultural do problema» (en Piñeiro & Losada 2009: 863-864)¹¹.

¹¹ Sobre os diferentes posicionamentos lingüísticos da RAG e do ILG pode verse tamén Alonso Pintos (2002: 115-120; 2006: 122-123).

É neste contexto de relacións entre as dúas entidades que se ocupan da codificación da lingua galega cando as normas ortográficas da Academia se complementan coas normas morfolóxicas, que tamén mostran discrepancias coas do método do ILG aparecido pouco antes, a pesar de naceren xa condicionadas polos posicionamentos lingüísticos da entidade universitaria, que vai gañar capital simbólico na materia en detrimento do da RAG. Concorren, pois, neste ano 1971 dúas propostas normativas con concepcións diferentes sobre o modelo en que se inspiraren: a tradición e a lingua literaria no caso da entidade con sede na Coruña, e a fala popular e dialectal na residencia en Compostela. E, como adoita acontecer, gañou a que dispuña dun maior capital simbólico. Cómpre ter presente que a lingüística galega entrara como materia científica no ámbito universitario en 1965 coa creación dunha cátedra de lingua e literatura, desempeñada interinamente por Carvalho Calero, asociada ao Departamento de Filoloxía Románica da USC, onde en anos posteriores se comezaron a realizar teses de doutoramento e de licenciatura sobre o galego; a partir de 1971 o ILG vai aglutinar boa parte desas persoas investigadoras, a gañar así un prestixio que lle permitirá esa superioridade científica sobre unha RAG que dalgunha maneira Carvalho representaba na entidade universitaria, sen acabar de se integrar realmente nos traballos desta a pesar de formalmente ser o seu primeiro secretario e logo vicedirector até 1978 (cf. Fernández Rei 2008: 993-998).

Ambos os procesos, o de elaboración das normas morfolóxicas da RAG e do método de galego do ILG, se desenvolveron na primeira parte do ano e mesmo houbo axentes que, dunha forma ou doutra, participaron simultaneamente dos dous, ben por asistiren a reunións conxuntas, ben por seren consultados por algunha das entidades na procura de achegar opinións diferentes a un proxecto que se pretendía plural e participativo. A elaboración do método de *Gallego I*, como informa García (1971: 131-132), iniciouse no mes de xaneiro coa elaboración dun texto inicial en que participaron os profesores A. Santamarina, X. L. Couceiro e G. Rojo, axudados por M^a C. Ríos, I. Leis e L. F. Pensado, e coa colaboración de R. Lorenzo na posterior tarefa de unificación lingüística; en marzo pasouse ese texto a consulta a diversas personalidades «de dentro e fora de Galicia», entre as que estaban varios académicos como Martínez-Risco ou Carvalho Calero, mais na listaxe non se citan os tamén académicos numerarios Piñeiro e Filgueira; e o 20 de marzo lévase a cabo unha reunión na USC a que tamén asisten estes tres últimos, que son os redactores das normas académicas, e onde se debaten os diferentes posicionamentos sobre a codificación do galego; coa colaboración de M. Díaz Díaz, director do Servizo de Publicacións da USC na altura, o método do ILG saíu do prelo «nun tempo mínimo» (García 1971: 132). Polo que respecta ao proceso seguido na RAG, xa se viu como

tamén se realizaron consultas a outras persoas, incluídos profesores universitarios como o propio C. García, tendo en conta alén diso que o principal redactor das normas académicas, Carvalho Calero, tiña esa condición. Mais unha cousa son as consultas e outra os seus resultados; e estes demostran que nesa concorrencia temporal de procesos normativos transparecen e persisten modelos diferentes que responden a concepcións tamén diferentes sobre o obxecto de codificación.

Nas liñas precedentes viuse a perspectiva da RAG, basicamente a través da óptica de Ramón Piñeiro, mais tamén torna útil e necesario confrontármola coa visión sobre ese proceso que nos transmiten os daquela ‘novos lingüistas’ do ILG, recollida en Fernández Rei (2008). Este investigador comeza por recoñecer que para eles «ben pouca autoridade lingüística podía ter» a Academia cando recollía na súa normativa ortográfica a subsidiaridade a respecto da castelá, a pesar da «innegable autoridade moral dalgúns académicos» que sufriran represalias «por seren coherentes co ideario galeguista» (Fernández Rei 2008: 994). Segundo el, os principais redactores do método de ensino do galego foron Xosé Luís Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antón Santamarina, aos cales lles pasou un cuestionario sobre o tema. Santamarina presupón que a filosofía da normativa da RAG en 1970 era a da gramática de 1966 de Carvalho Calero, talvez consensuada con Piñeiro na súa opinión. Para el este era o que posuía máis coñecementos gramaticais entre os membros de Galaxia e tamén o que «tiña máis sentido idiomático e común», mais a pesar diso consideraba que os novos coñecían moito mellor o galego que os membros da Academia e que esta carecía totalmente de autoridade normativa (en Fernández Rei 2008: 994). Recoñece igualmente Santamarina que eles partían de que «o galego debía de estar o máis ligado posible á maneira de falar da xente» e que procuraban «darlle preferencia ó vivo sobre o histórico»; mais tamén recoñece que «[p]robablemente fose algo esaxerada a nosa postura». O feito de o modelo de galego escrito da época, inzado de diferencialismos, ser para el «penoso» explicaría que «pasásemos bastante do galego literario»; mais finalmente recoñece outrosí que «un galego elaborado é unha cousa máis complexa cá transcrición mecánica do que a xente di, debidamente limpada de castelanismos». Tamén admite posuíren daquela unha visión «un pouco romántica da lingua», sen teren en conta os moitos factores que interveñen na elaboración dun modelo de lingua, entre eles os ideolóxicos, e acaba por recoñecer o carácter en exceso «populista» do método que elaboraron (en Fernández Rei 2008: 1004).

Tamén Guillermo Rojo admite certos excesos iniciais no intento por achegaren máis a lingua escrita á lingua falada, na procura dun «galego moderno» que se afastase daquel «galego distante, exclusivamente literario que se practicaba pola

época na maior parte dos círculos galeguistas» e pon o acento na falta de interese da Academia polo ensino do galego nos centros educativos, en canto os lingüistas do ILG os visitaban para convenceren os seus directores «de que permitiran que se deran clases de galego usando estes textos», mesmo co resultado de posteriormente conseguiren que esa lingua estivese presente nas probas de acceso á Universidade; por tanto, para Rojo RAG e ILG «movíanse en mundos totalmente separados» (en Fernández Rei 2008: 995). Ramón Lorenzo, por súa vez, pon a énfase no papel de Carvalho Calero como persoa pouco disposta ao diálogo normativo e máis proclive a ordenar e mandar, en canto eles non aceptaban as súas normas nin lle daban «categoría á Academia en cuestións lingüísticas, e tampouco a Carballo», quen «nunca participou en nada nin quixo saber nada do ILG, porque el se consideraba o gran sabio e pensaba que todos debían someterse ás súas ideas» (en Fernández Rei 2008: 996). Neste sentido, Couceiro fala do respecto «intelectual» que en xeral lles inspiraba a figura de Carvalho Calero polo seu significado para o galego na altura e tamén por teren sido os seus alumnos, o que non acontecía con Lorenzo, e atribúe o desencontro do ILG coa RAG ao ‘complexo técnico’ que «quizais sentiu Carballo» (en Fernández Rei 2008: 997).

Segundo consta no «Prólogo» do método *Gallego 1* (Instituto de la Lengua Gallega 1971: 5-7), o modelo de lingua que se perseguía era un galego sinxelo, «sin dar cabida a los vulgarismos», e ao mesmo tempo elevado, «sin ser un producto de laboratorio», con base na tradición literaria e na lingua falada, mais «depuradas y conjuntadas», e fuxindo «de todo aquello que podría dar una impresión de artificioso al hablante espontáneo, pero también de lo que no tiene una utilización general a nivel de lengua hablada». Aínda que declaran aceptar «en principio» as normas da RAG, tamén sinalan a discrepancia no relativo á segunda forma do artigo e ao resultado das contraccións das preposicións *a* e *pra* cos artigos maculinos; as razóns que se aducen son a realidade fonética, que a «tradición literaria ha sido tenida también en cuenta» e por último o criterio pedagóxico. Como sinala Fernández Rei (2008: 1002), tamén no método do ILG se impuxo finalmente o plural do tipo *animales* e unha postura «popularista» nos cultismos, o que permite a Alonso Pintos (2006: 192) afirmar que o método do ILG «eleva a fala a categoría de lingua exemplar» e outorga «aos falantes a razón idiomática», xulgando «o seu galego como o mellor e o más auténtico».

3.3 Contido e valorización

Como se di na propia «Introducción», o propósito que guía a elaboración das normas morfolóxicas da RAG é «avantar uns pasos decisivos na unificación da

lingua escrita» para conseguir «a codificación dun idioma literario» (Real Academia Gallega 1971: 19), a deixar ben en claro que o modelo que se procura é un galego culto, escrito e literario. Mais, na realidade, as normas morfolóxicas son moi limitadas, como xa suxire o título: «Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega». Das 12 páxinas de pequeno formato que ocupan, oito son de «Introducción» e só escasamente catro constitúen propiamente as «Normas morfolóxicas», agrupadas en 15 puntos que a seguir se sintetizan: (i) non representación escrita de fenómenos fonéticos dialectais e populares (*galo, luz, muller, a auga, dentro*), (ii) plurais das palabras que terminan en <l> (*moles, animais, cadris, fáciles*), (iii) plurais das palabras acabadas en <n> (*irmáns, lacóns, uns*), (iv) ditongos comúns *ei, ou, oi* (*eira, outro, loita*), (v) grupos consonánticos iniciais (*chamar, fror, clima*), (vi) grupo interior -CT- (*eito, doutor, acto*), (vii) grupo -PL- (*dobre, templo*), (viii) sufixo -ANU (*irmán*), (ix) sufixo -ANA (*irmá*), (x) sufixo -BILE (*solúbel, nobre*, con posibilidade de *-ble* nalgún caso), (xi) sufixos -TIONE, -TIU, -TIA (*resolución, trapecio, Galicia*, sen rexeitar *Galiza*), (xii) terminación -TE (*bondade, virtude, falade*), (xiii) concorrencia *lles + o, a, os, as* (*llelo, llela, llelos, llelas*), (xiv) P3 dos pretéritos (*falóu, batéu, saíu*) e (xv) derivados de palabras terminadas en <n> (*cancioneiro, funcionario*, con algunhas excepcións). Como se ve, fican fóra moitos aspectos morfolóxicos, de modo que a súa utilidade se ve bastante reducida, e, como se indica na parte introdutoria, para optar por estas solucións foron tidos en conta «os traballos do Seminario de Estudos Galegos, da cadeira de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, do Departamento de Filoloxía Románica do mesmo Centro superior, do seminario didáctico da lingua galega celebrado en Vigo en 1966, como tamén as consultas elevadas a especialistas do país ou de fora del» (Real Academia Gallega 1971: 24). No ARAG hai copia dun escrito, sen datación, en que se recaba a opinión sobre as normas aos académicos de honra da entidade Manuel Rodrigues Lapa e Dámaso Alonso, ben como aos membros correspondentes Rafael Lapesa, José Luis Pensado e José M. Piel.

Parece evidente que, aínda contando co Departamento de Filoloxía Románica, houbo fortes discrepancias con el, como se deduce dunha carta de Basilio Losada a Piñeiro de 26 de marzo: «O que resulta incompreensible é a actitude do Departamento, prantexando a custión dun enfrentamento ca Academia nun intre en que semellaba que as normas académicas foran aceptadas sin reservas. Unha duplicidade normativa sería agora unha catástrofe» (en Piñeiro & Losada 2009: 850). Ramón Piñeiro reconece a existencia do problema e, a pesar das diverxencias entre o criterio da Academia e o do grupo dirixido por Constantino García, tenta ver os aspectos positivos destas normas para a entidade que as elaborou e aprobou, pois a partir dese

momento, como escribe en carta a Martínez-Risco de 12 de outubro de 1971, «ninguén poderá dicir —como viñan dicindo— que a Academia non cumpre coa súa misión no tocante á lingua»; e fala nesa mesma misiva de «aproveitar a oportunidade da aparición do folleto para que a Academia se faga presente en moitas entidades que a desconocen ou teñen unha idea vaga e distante da súa existencia»; chega inclusivemente a cualificar esa «unificación idiomática» que levou a cabo como «un dos acordos mais trascendentes na historia da nosa Academia» na seguinte carta ao mesmo interlocutor (en Freixeiro Mato 1994: 220-221). Hai, pois, un claro desexo por parte da RAG de rendibilizar tamén estas normas para a mellora e proxección da súa imaxe na sociedade.

De todos os modos, desde o ano 1971 non vai ser a RAG nin as súas normas as que marquen o ritmo da estandarización do galego nas derradeiras décadas do século XX. Ese papel vano desempeñar o ILG e os seus manuais de *Gallego 1*, *2* e *3*, que gozarán dunha extraordinaria recepción, con «diversas reimpresións e reedicións» que nos anos 80 se aproximan ao número de «150.000 exemplares» vendidos (Fernández Rei 2008: 1001). Eses textos continuarán a utilizar os seus propios criterios normativos á marxe dos da Academia, o que contrariaría as persoas defensoras do papel desta, como é o caso de Basilio Losada, segundo deixa ver nunha carta a Piñeiro de 13 de xullo de 1974: «Non me gustou o *Gallego 3*. O criterio pra aceptación de palabras é restritivo de máis. O refugar sistematicamente todo lusismo paréceme un erro» (en Piñeiro & Losada 2009: 929). Como afirma Alonso Pintos, os membros do ILG basearon o seu modelo exemplar de galego no utilizado polas clases populares que eles comezaban a estudar con vistas á futura elaboración do Atlas Lingüístico Galego e, dese modo, nos seus manuais converxen «a estimación da fala popular como referencia basilar de excelencia lingüística» e «a defensa firme dunha simplificación fonoloxizante da ortografía consuetudinaria», o que acabaría por provocar a prevención ou mesmo o rexeitamento das «elites do galeguismo tradicional, fortemente influenciadas polo modelo culturalista preconizado polo grupo Galaxia». O ILG puña así en cuestión o modelo codificador da Academia e reconducía cara ao campo que máis lle interesaba:

Cómpre reparar, asemade, en que, ao distanciarse dos clásicos literarios e aproximarse aos modos lingüísticos populares, o Instituto da Lingua ameazaba tamén o canon da Real Academia, ao tempo que situaba a excelencia lingüística nun corpus que o ILG dominaba case en solitario, pois as sistematizacións dialectolóxicas en marcha resultaban daquela pouco coñecidas tanto para os homes de Galaxia como para os propios membros da Academia (Alonso Pintos 2006: 122).

Con todo, cómpre ter en conta a opinión de Kabatek (1994: 167-168) a respecto de que «entre as normas de 1970 e as de 1971 hai un claro paso adiante» e que «por primeira vez desde as normas do Seminario de 1933 se fai un intento de normativizar con criterios científicos: as normas de 1971 marcan unha pauta que desembocará na codificación de 1982». Mais esta parte da historia xa excede os límites do presente traballo, que só quere deixar constancia de que aquel proxecto académico inicial de elaborar unha gramática galega a inicios da década de 60 se foi reducindo a unha síntese ou epítome gramatical, para finalmente desembocar nunhas limitadas normas ortográficas e morfolóxicas.

4. A PERDA DE *AUCTORITAS* DA ACADEMIA E A REORIENTACIÓN DO DISCURSO SOBRE O GALEGO

A aparición das normas académicas coincidiu co momento histórico en que o poder simbólico sobre a lingua pasou da RAG ao ILG da USC, o que provocou unha reorientación no discurso que viña mantendo o movemento galeguista a respecto do idioma. Se desde os séculos precedentes as figuras centrais do pensamento galeguista —Feijoo, Sarmiento, Murguía, Vilar Ponte, Castelao etc.— viñan defendendo teoricamente a substancial unidade lingüística galego-portuguesa como liña argumental na procura de prestixio para o galego, que tamén asumían na posguerra académicos como Martínez-Risco, Carré Alvarellos, Carvalho Calero ou Ramón Piñeiro, cada un á súa maneira, a partir de 1971 a situación vai mudar, a se producir unha ruptura dese consenso implícito anterior coa reafirmación e ampliación doutra liña discursiva tendente a prescindir dese argumento na defensa do galego e da súa utilidade; tal tendencia foi dalgún modo propiciada polo Departamento de Filoloxía Románica da USC e viuse favorecida pola superioridade científica deste sobre a Academia. A entidade universitaria ameaza a autoridade da RAG¹² e deste feito era consciente Ramón Piñeiro cando en marzo de 1971 escribía a Basilio Losada que no interior daquela se fora desenvolvendo «unha tendencia autarquizante e unha certa tensión —non moi disimulada— coa Academia», tratando de confrontar os «novos lingüistas» cos «vellos académicos», os primeiros baseados na ciencia e os segundos na literatura, entendida esta de modo pexorativo (en Piñeiro & Losada 2009: 848-850).

¹² Canto ao criterio de autoridade, Monteagudo (1990: 311) afirma que, perante a falta dunha autoridade ‘carismática’ do tipo de Dante para o italiano, podía acudirse a unha autoridade ‘tradicional’, a da RAG, «que por moito que mostrara unha grande falta de operatividade nesta cuestión, era a

Como xa se viu en páxinas precedentes a través das voces dos principais redactores do método de galego, o ILG fundamenta esa asunción de funcións normativizadoras na escasa ou nula capacitación lingüística da RAG, o que levaría a entidade universitaria polo camiño da «heterodoxia normativa» (Fernández Rei 2008: 1003). Certamente, o desencontro entre a RAG e o ILG foi evidente e así é recoñecido por Fernández Rei (2008: 994). Na subordinación ao español e na súa provisionalidade incidían na mesma altura Vázquez Cuesta & Mendes da Luz (1971: 96-97) a respecto das normas ortográficas da RAG, que segundo elas «se limitan a oficializar la simplista y facilona ortografía de postguerra»¹³ e teñen «carácter provisional a la espera de otras más adecuadas a la estructura fonológica de la lengua». Se xa as normas académicas recoñecían expresamente a súa dependencia da lingua foránea, que mesmo se declara norma subsidiaria para aqueles puntos —que eran moitos— non explicitados nelas, como se viu, as orixinadas no ámbito universitario tamén non van corrixir sensibelmente tal dependencia por tomaren como base a fala popular profundamente castelanizada. Neste sentido, non cabe dúbida de que os manuais de aprendizaxe do galego derivados desa opción codificadora non se van afastar moito desa vía que denunciaban as autoras da *Gramática portuguesa*.

Segundo sostén Samartim (2005: 19), o ILG irrompe no sistema cultural galego «com todo o capital simbólico fornecido pola sua natureza universitária para questionar a *autoritas* da Academia no referido à elaboração do código para o galego» e ao mesmo tempo para «impugnar a posição que permite ao grupo Galaxia dirigir o processo de normatização do idioma graças ao imediato controlo polo Instituto do campo do ensino da língua própria da Galiza». Vaqueiro & Xamardo (2017: 78-79), por súa vez, inciden no carácter ideolóxico con que nace o instituto universitario, a comezar pola propia denominación en español e continuando por se dirixir ás persoas que descoñecían «por completo» o galego, de modo que vulgan o feito de pór en andamento un método de aprendizaxe do galego partindo do español un «apriorismo ideológico, ditado por uma olhada espanhola e espanholizante sobre a realidade sociolingüística do país». Téñase en conta, no entanto, que nesa altura tamén a RAG mantiña a denominación en español e as súas normas partían igualmente desa lingua.

Por outro lado, desautorizando a Academia, o ILG desautoriza tamén, no relativo á codificación idiomática, o grupo de Galaxia que a controla, de modo que a

incontestable depositaria da tradición histórica», e a outra autoridade ‘racional’, a universitaria, «que era a institución que maior respaldo científico podía ofrecer a calquera codificación».

¹³ Con esta apreciación coincide Kabatek (1994: 166), que concede á RAG o «prestixio de levar a cabo a tarefa de codificación», mais non «a competencia lingüística necesaria».

partir desa altura será o instituto universitario quen asuma a dirección do proceso estandarizador. O ano 1971 presupón, pois, o final da etapa en que Galaxia levou a iniciativa na fixación normativa do galego, que duraba desde 1950; e tamén case presupón o principio e o final do período en que a Academia exerceu como máxima autoridade na materia, pois é entre ese ano e o anterior cando publica as súas primeiras e tamén últimas normas lingüísticas co seu único carimbo, pois nas saídas do prelo desde a década de 80 xa ten de partillar a autoría co ILG, que vai ser o verdadeiro órgano elaborador, a lle reservar á RAG pouco máis do que o rol sancionador; neste sentido afirma Fernández Rei (2008: 1008) que «[t]raballos de codificación do galego asinados polas dúas institucións fixéronse exclusivamente no ILG», a citar como exemplos o *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, o *Diccionario da lingua galega* ou a «revisión, actualización e ampliación das Normas de 1982». O papel que desempeñe Galaxia no proceso codificador vai ser exercido só de modo indirecto, a través do control dunha Academia que na práctica perdeu a súa *auctoritas*. Será o primeiro director do ILG, nun artigo publicado nese ano 1971 na mesma revista da editora, quen dite sentenza sobre o final da influencia codificadora de Galaxia, a lle reconecer os servizos emprestados, mais tamén afirmando o seu fracaso e o remate da súa hexemonía, ben como a descualificar as normas académicas, en que acha algún afán «lusizante» (García 1971: 132-133).

Non se priva, pois, Constantino García de ditaminar o fracaso normativizador de Galaxia e da Academia na revista *Grial* que Piñeiro controla, sen que este responda no mesmo ton descualificador. En troca, no número seguinte fai el mesmo unha recensión do método do ILG e nela elude calquera polémica, tentando obviar a impugnación da autoridade da Academia coa desculpa de a responsabilidade do ILG se reducir «ao campo meramente pedagóxico da lingua» e facendo unha distinción entre «a responsabilidade pedagóxica do ICE, a responsabilidade técnica da Universidade e a responsabilidade cultural da Real Academia Gallega», todas «necesarias por igual e complementarias entre sí» (Piñeiro 1971: 363). Non elude, porén, Piñeiro a referencia ao «punto de vista marcadamente fonetista e craramente particularista anti-luso» do método do ILG, mais sen utilizar o ton descualificador e pexorativo que empregaba na correspondencia particular, como xa vimos, limitándose a deixar constancia de que tal punto de vista «refreixa unha das actitudes posibles ante o problema da unificación» e a advertir, a modo de consolo perante o relevo do ILG na dirección do proceso, de que «a verdadeira unificación acádase na lingua escrita e non na falada» (Piñeiro 1971: 364). Parece claro que Piñeiro, e con el Galaxia e a Academia, cuxa actuación a respecto do idioma tamén controla e dirixe na práctica, acaban por asumir a superioridade científica do ILG, sen poren en valor o seu labor

precedente e o feito de teren entre os seus membros persoas cunha traxectoria de investigación lingüístico-literaria en galego que nalgúns casos se remonta ao período prebélico, como é o caso de Leandro Carré Alvarellos, Carvalho Calero, Filgueira Valverde, Otero Pedrayo etc., algúns dos cales elaboraran gramáticas e dicionarios, alén de seren coñecedores da tradición escrita en galego desde os recuados tempos medievais. Parece evidente que os propios académicos, e moi especialmente Piñeiro, eran conscientes da súa escasa capacitación científica no ámbito lingüístico, a pesar dalgúns deses valiosos contributos, que foran máis produto dunha abnegada vocación galeguista que dun labor profesional como filólogos. Neste campo, dificilmente podían competir cuns profesores universitarios especializados en lingüística románica que, aínda sendo novos, xa posuían —nomeadamente os catro principais redactores do método de galego— currículo investigador en lingua galega. Un deses «novos lingüistas» da altura, Antón Santamarina, que se reafirma nos seus postulados a respecto da codificación do galego a pesar de ter cedido nalgúns aspectos no marco de negociacións de natureza política, deixa entrever o que hoxe torna evidente á luz da documentación que vimos manexando: que foron Piñeiro e a RAG os que cederon e aceptaron os criterios do ILG (Santamarina 2009: 16, nota 32).

A Editorial Galaxia, alén de ter a súa propia normativa, talvez nunca posta por escrito (Villanueva Gesteira 2015: 200-208), participa da elaboración da lingua a través da Academia, cuxas normas ortográficas e morfolóxicas de 1970-1971 toman como modelo ortográfico o do español, mais de maneira provisoria, explicitamente declarada, e tamén de maneira pragmática; no entanto, entre os seus criterios privilexia aqueles que proveñen da tradición literaria desde a época medieval e recoñece a identidade lingüística galego-luso-brasileira, a tomar as solucións coincidentes co portugués como criterio explícito nalgunhas ocasións. Polo contrario, de acordo con Samartim (2012: 30), o ILG «impugna o modelo normativo e a autoridade da Academia», non ten en conta de modo explícito «o carácter gradual do proceso de elaboración lingüística» nin «a provisionalidade da súa proposta», nega a «identidade lingüística galego-luso-brasileira presente nos criterios da RAG» e dá prioridade á fala popular como base para as normas do galego.

De todos os modos, nin Galaxia, nin a Academia, nin os seus membros máis destacados como o propio Piñeiro, Carvalho Calero, Sebastián Martínez-Risco, Carré Alvarellos, Fernández del Riego, Otero Pedrayo etc., herdeiros dunha forma ou doutra da tradición galeguista, partillan na altura a virada do discurso a respecto da relación entre galego e portugués que na práctica mantén o ILG, mais o caso é que esta se vai impor. Pódese afirmar, por conseguinte, que en 1971 se produce a nivel retórico unha reorientación no discurso dominante sobre a lingua, a se romper

dalgún modo un certo consenso histórico maioritario, nomeadamente dentro do ámbito galeguista, a respecto da natural identidade lingüística galego-portuguesa e da conveniencia de a codificación do idioma camiñar pola vía de aproximación posíbel. Piñeiro, que de inicio critica duramente en privado a actitude «anti-lusista» do ILG, logo irá virando cara ás posicións deste e con el a maioría do galeguismo que se move arredor de Galaxia e da Academia, con evidentes excepcións como as de Carré Alvarellos, que continúa a defender a terminación *-zón* e a representación *ao* até o final dos seus días, ou a de Carvalho Calero, que progresivamente se vai distanciando dos posicionamentos do ILG, cuxa vicedirección abandona en 1978, e dos seus amigos de Galaxia para avanzar na aproximación ao estándar portugués seguindo as previsións fixadas nas normas da RAG que el mesmo principalmente redixira e tamén de acordo co proceso de reelaboración da súa gramática. Por conseguinte, non será tanto que Carvalho fuxa para o portugués (Santamarina 2009: 16) como que o ILG, de que o propio profesor ferrolán fora o seu primeiro secretario a pesar de ter feito «pouco» por el na opinión de Rojo (en Fernández Rei 2008: 988), fuxiu do portugués e nesa fuxida foi arrastrando consigo o núcleo dunha Academia dominada por Galaxia¹⁴.

En certo modo, o acordo normativo que se produciu en 2003 entre os departamentos de Filoloxía Galega das tres universiades do país, o ILG e a propia Academia, coa mediación activa da AS-PG e a aceptación implícita dunha boa parte do movemento nacionalista galego, vén a significar dalgún modo certa restauración daquel consenso histórico pouco definido e difícil de concretar na práctica. De feito, non deixa de ser sintomático que nestas negociacións do acordo, que Santamarina chamaría políticas, as dúas cuestións máis polémicas voltasen a ser a representación ou non das formas asimiladas do artigo e a solución gráfica ao encontro da preposición *a* con artigo, que xa constituíran puntos fundamentais de fricción nos inicios da década de 70, como se viu. Tamén é significativo que, cando este acordo se alcanzara no ano 2001 sen a

¹⁴ Con todo, tamén o pensamento lingüístico de Carvalho fora evoluíndo a través dos anos. Se na primeira edición da súa gramática afirmaba ser a ortografía castelá «más adaptable para el gallego» que a portuguesa (Carballo Calero 1966: 29), esta pasaxe desaparece nas edicións posteriores dos anos 70 por causa da súa «orientación lusista» (Kabatek 1994: 164); e aínda en traballos da primeira parte desta década (Carballo Calero 1972, 1974b) trata sobre o proceso de construción dunha lingua literaria galega, con afirmacións como esta: «Es evidente que para el hombre de ahora escribir en gallego no es escribir en gallego-portugués, ni en portugués ni en castellano» (Carballo Calero 1974b: 38). Os feitos posteriores a 1971, de todos os modos, non son obxecto deste traballo e, alén disto, están tratados en maior ou menor medida en diversos contributos, como Monteagudo (1990), Kabatek (1994), Alonso Pintos (2002 e 2006), Vaqueiro & Xamardo (2017) ou Samartim (2005 e 2012), entre outros.

participación directa da Academia, entendendo que implicitamente estaba incluída por boa parte dos membros do ILG e do Departamento de Filoloxía Galega da USC seren académicos de número, o plenario da corporación rexeitase por exigua maioría un acordo en que interviñeran os seus lingüistas máis prestixiosos coa desculpa de ela non ser convidada a participar. Parece, pois, que a Academia non se sentía representada nesa ocasión polo ILG, que formalmente respaldara aquel acordo, e que en consecuencia reivindicaba un poder codificador que este lle arrebatara había tempo. Mais ese non deixou de ser un pronunciamento táctico ou político, pois dous anos despois a propia Academia aprobou o mesmo acordo con apenas uns nimios retoques que se utilizaron como desculpa para tentar salvar unha *auctoritas* que viña sendo cuestionada desde aquel xa lonxincuo 1971. Neste sentido, torna de interese a opinión emitida en 1990 por un dos lingüistas do ILG que hoxe tamén é membro da RAG:

Para restaurar e manter a saúde do galego é imprescindible contar cunha institución dotada de *imperium* legal e *auctoritas* moral e intelectual. Ora ben, hoxe en día a Academia Galega, que xa conta co *imperium*, para adquirir *auctoritas* precisaría unha renovación a fondo que dese cabida a lingüistas, escritores e intelectuais de prestixio. Aínda así, o labor de apoio dunha institución investigadora como o ILG sempre será preciso (Monteagudo 1990: 316).

5. CONCLUSIÓN

No ano 1970 a Academia Galega que presidía Sebastián Martínez-Risco, unha vez fracasada a tentativa de elaborar unha síntese gramatical, aproba por primeira vez unhas elementais normas ortográficas urxida polo feito de o galego se incorporar timidamente ao sistema educativo como materia optativa após a aprobación da Lei de Educación promovida polo ministro Villar Palasí. Esas normas foron tamén un medio para a Academia ir á procura da súa lexitimación social e para tentar incrementar o seu precario prestixio. Porén, a propia entidade entendía tales normas como un primeiro paso imprescindible, mais provisorio, no camiño da codificación do idioma, en canto as circunstancias sociais e políticas non permitisen dar outros pasos que levasen á ruptura coa dependencia do español, expresamente recoñecido como norma subsidiaria do galego, e á desexábel aproximación ao seu ámbito natural, o galego-luso-brasileiro.

Esas normas ortográficas de 1970 deberían ser completadas, segundo os seus propios redactores, con outras de carácter morfolóxico que, efectivamente, foron aprobadas en 1971 pola asemblea plenaria da RAG a partir dun texto elaborado previamente por Ramón Piñeiro, Carvalho Calero e Filgueira Valverde, os mesmos que

xa redixiran as primeiras e, por tanto, seguindo a mesma filosofía de fondo: dependencia do español, carácter provisorio e utilización do portugués como argumento de escolla. No entanto, estas normas morfolóxicas naceron xa condicionadas pola irrupción dun novo actor, o Departamento de Filoloxía Románica da USC e o ILG como derivación del, que cuestiona a autoridade da Academia e suplanta o seu poder na codificación lingüística, a forzar de paso unha reformulación do discurso sobre o presente e o porvir da lingua galega. As primeiras normas da Academia, que tanto demoraran no tempo a pesar dos propósitos iniciais con que a institución fora creada, viron a luz, pois, no momento en que outra entidade de maior recoñecemento científico irrompe no campo normativo e se fai dona *de facto* do proceso de codificación da lingua cuns criterios diferentes aos académicos, baseados fundamentalmente na fala popular, cuxo mellor coñecemento científico propiciou, e relegando a tradición escrita tanto galego-portuguesa como propiamente galega.

Torna evidente, após o visto nas páxinas precedentes, que nos inicios da década de 70 se produce unha reorientación do discurso galeguista dominante no que respecta á lingua galega e á súa conceptualización con relación ao portugués, ben como unha cesión do poder da Academia, e por conseguinte do grupo de Galaxia, na codificación do idioma. Desde o ano 1971 tal poder pasou ao ILG.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO PINTOS, S. (2002): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Madrid: UNED.
- ALONSO PINTOS, S. (2006): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ÁLVAREZ, M. C. (2002): «Sociedade, norma e poder. Algunhas reflexións no campo da socioloxía», in M. Bagno (org.): *Lingüística da norma*. São Paulo: Edições Loyola, pp. 201-216.
- BAGNO, M. (2003): *A norma oculta: língua & poder na sociedade brasileira*. São Paulo: Parábola.
- BARTSCH, R. (1987): *Norms of Language. Theoretical and Practical Aspects*. London & New York: Longman.
- CARBALLO CALERO, R. (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- CARBALLO CALERO, R. (1970): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 3ª ed.

- CARBALLO CALERO, R. (1972): «A liña do galego literario», *Grial* 36, pp. 129-135.
- CARBALLO CALERO, R. (1974a): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 4ª ed.
- CARBALLO CALERO, R. (1974b): «La constitución del gallego como lengua escrita», *Verba* 1, pp. 31-40.
- CARBALLO CALERO, R. (2006): *Epistolario a Fernández del Riego*. Transcripción e edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Vigo: Galaxia.
- CASTILHO, A. TEIXEIRA DE (2002): «Variação dialetal e ensino institucionalizado da língua portuguesa», in M. Bagno (org.): *Linguística da norma*. São Paulo: Edições Loyola, pp. 27-36.
- COOPER, R. L. (1997): *La planificación lingüística y el cambio social*. Cambridge: Cambridge University Press.
- FARACO, C. A. (2002): «Norma-padrão brasileira. Desembaraçando alguns nós», in M. Bagno (org.): *Linguística da norma*. São Paulo: Edições Loyola, pp. 37-61.
- FERNÁN-VELLO, M. A. & F. PILLADO MAYOR (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia.
- FERNÁNDEZ REI, F. (2008): «A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia», in X. L. Axeitos, E. Grandío Seoane & R. Villares (eds.): *A patria enteira. Estudos en homenaxe a Xosé Ramón Barreiro*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega & Universidade de Santiago de Compostela, pp. 985-1009.
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. & H. MONTEAGUDO (1995): «Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea», in H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega*. Vigo: Galaxia, pp. 99-176.
- FERRO RUIBAL, X. (2015): «Filgueira Valverde, un profesor-alcalde nas Cortes», *Boletín da Real Academia Galega* 376, pp. 129-182.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (1994): *Sebastián Martínez-Risco na cultura galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- GARCÍA, C. (1971): «Orixen e problemas do método de galego», *Grial* 32, pp. 129-141.
- INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA (1971): *Gallego I*. Santiago de Compostela: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago.
- JOSEPH, J. E. (1987): *Eloquence and power. The rise of language standards and standard languages*. London: Frances Pinter.

- KABATEK, J. (1994): «Galego escrito e lingua común na segunda metade do século XX», *Grial* 122, pp. 157-197.
- LAMUELA, X. & H. MONTEAGUDO (1996): «Planificación lingüística», in M. Fernández Pérez (coord.): *Avances en lingüística aplicada*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 229-301.
- LAPA, M. RODRIGUES (2001): *Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega*. Vigo: Galaxia.
- LÓPEZ VARELA, E. (2001): *Unha casa para a lingua. A Real Academia Galega baixo a presidencia de Manuel Murguía (1905-1923)*. A Coruña: Espiral Maior.
- LUCCHESI, D. (2002): «Norma lingüística e realidade social», in M. Bagno (org.): *Lingüística da norma*. São Paulo: Edições Loyola, pp. 63-92.
- MILROY, J. (2011): «Ideologías lingüísticas e as consecuencias da padronización», in X. C. Lagares & M. Bagno (orgs.): *Políticas da norma e conflitos lingüísticos*. São Paulo: Parábola, pp. 49-87.
- MONTEAGUDO, H. (1990): «Sobre a polémica da Normativa do Galego», *Grial* 107, pp. 294-316.
- MONTEAGUDO, H. (1994): «Aspectos da teoría da lingua estándar do Círculo Lingüístico de Praga e os seus continuadores», *Grial* 122, pp. 141-155.
- MONTEAGUDO, H. (1997): «Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fio do debate sobre a estandarización do galego», *Cadernos de Lingua* 16, pp. 5-33.
- MONTEAGUDO, H. (2005): «Do uso á norma. Da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización do idioma galego)», in R. Álvarez & H. Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega & Instituto da Lingua Galega, pp. 377-436.
- MONTEAGUDO, H. (2007): «Limiar», in R. Piñeiro: *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Galaxia, pp. 9-44.
- MONTEAGUDO, H. (2008): «Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962). Estratexias de resistencia idiomática fronte ao franquismo», *Grial* 177, pp. 98-111.
- MONTEAGUDO, H. (2011): «Variação e norma lingüística: subsídios para uma (re)visão», in X. C. Lagares & M. Bagno (orgs.): *Políticas da norma e conflitos lingüísticos*. São Paulo: Parábola, pp. 15-48.
- PENNY, R. (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- PIÑEIRO, R. (1971): «Gallego I. Instituto de la Lengua Gallega», *Grial* 33, pp. 363-364.

- PIÑEIRO, R. (2007 [1967]): *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Galaxia.
- PIÑEIRO, R. & B. LOSADA (2009): *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*. Edición de María Xesús Lama e Helena González. Vigo: Galaxia.
- REAL ACADEMIA GALLEGA (1970): *Normas ortográficas do idioma galego*. A Cruña: Real Academia Galega.
- REAL ACADEMIA GALLEGA (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Cruña: Real Academia Galega.
- RODRIGUES, A. DALL'IGNA (2002): «Problemas relativos à descrição do português contemporâneo como língua padrão no Brasil», in M. Bagno (org.): *Linguística da norma*. São Paulo: Edições Loyola, pp. 11-25.
- SAMARTIM, R. LÓPEZ-IGLÉSÍAS (2005): «Ideia de Língua e Vento Português na Galiza do Tardofranquismo: o caso de Galaxia», *Agália* 83/84, pp. 9-50.
- SAMARTIM, R. LÓPEZ-IGLÉSÍAS (2012): «Língua somos: A construción da idea de lingua e da identidade coletiva na Galiza (pré-)constitucional», in O. Rodríguez González, L. Carballo Piñeiro & B. Baltrusch: *Novas achegas ao estudo da cultura galega II: enfoques socio-históricos e lingüístico-literarios*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 27-36.
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2009): «Ás voltas co significado da estandarización», in M. P. García Negro (ed.), *Sobre o racismo lingüístico*. Ames: Laiovento, pp. 95-121.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. (2009): «Informe de Ramón Piñeiro á Real Academia Galega», *Boletín da Real Academia Galega* 370, pp. 7-17.
- VAQUEIRO, V. & N. XAMARDO (2017): *Da identidade à norma. Língua, singularidade, consenso, antilusismo, reintegracionismo, jornalismo: de Galicia Confidencial a Sermons Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- VÁZQUEZ CUESTA, P. & M. A. MENDES DA LUZ (1971): *Gramática Portuguesa*, vol. 1. Madrid: Gredos, 3ª ed.
- VILLANUEVA GESTEIRA, M. D. (2015): *A Editorial Galaxia: proxecto e traxectoria 1950-1965*. Santiago de Compostela. Tese de doutoramento dispoñíbel en <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/14740>.